

**ACTAS DO SEMINARIO**

**DE**

**INICIACIÓN Á INVESTIGACIÓN**

**CURSO 2021 – 2022**

**Editores:**

María Alonso Pena

Beatriz Álvarez Díaz

Érika Diz Pita

Tomás Otero Casal

Alberto Rodríguez Vázquez



© 2022 Seminario de Iniciación á Investigación.  
Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga)

**Coordina:**

Seminario de Iniciación á Investigación (SII)  
*sii@citmaga.gal*

**Edita:**

Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga)

**Imprime:**

Imprenta Universitaria  
Pavillón de Servizos s/n  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
A Coruña

**ISSN:** 2171 - 6536

**Depósito Legal:** C 1734-2022



*I like crossing the imaginary boundaries people set up between different fields.*

Maryam Mirzakhani (1977 – 2017)



# Prefacio

Hai xa uns cantos anos dende que, sendo eu alumno de primeiro curso, certo profesor da Facultade de Matemáticas, inelutablemente da área de Álgebra, espetara durante unha clase a frase: “todo é un conxunto”. Hoxe, pensando no SII mentres tecleo estas liñas, non podoo senón darlle a razón. E é que o SII só se entende a través do conxunto dinámico de persoas que o foron conformando ao longo da súa existencia: como comité organizador, como relatoras, como público... Querería, entón, adicar este prefacio a anatomizar o SII a partir da fotografía temporal que eu tiven o privilexio de contemplar e integrar; iso si, dando antes tanto un fondo agradecemento a todas esas persoas que nos entregaron un proxecto cunha saúde magnífica, coma deixando os mellores desexos de azos para toda a xentiña que vén.

Di un proverbio etíope que “cando as arañas tecen xuntas, poden atar un león”. Nun planeta onde as maiores calamidades son, maiormente, o froito de ignorar o sufrimento de a quen non se lle pon rostro, resulta claro que os grandes leóns do mundo real son cazados tecendo fíos de solidariedade: relacionarnos cos demais fainos mellores e máis tolerantes, aprender da veciña fainos máis sabias e interesarnos pola realidade allea muda o mundo, aínda que sexa infinitesimalmente, na dirección boal.

Para min, falar do SII supón falar dun xerme deses fíos. Supón tamén falar sobre un proxecto desinteresado que é ilusión pura e, simultaneamente, supón falar de tantas persoas que estimo, quero e admiro moito. O SII supón interesarse polo que fan os demais e supón interesarse polos demais. Supón lembrar moreas de charlas matematicamente interesantes cheas de desenfado, charabiscas, memes, sorrisos cómplices... que dan boa proba da atmosfera alegre que, cada dúas semanas, envolvía a aula en cuestión por media hora (sen contar a prórroga, case obrigada, na cafetaría).

O SII, polo tanto, que nacera coma un proxecto para coñecer “as matemáticas da veciña”, acabou por ser a compoñente científica de algo moito máis grande. A día de hoxe, o SII é un corolario natural do bo ambiente entre a xente moza da Facultade, das súas relacións saudables e das ganas de saber en que problema ou teoría cavila quen senta ao teu carón nunha cea da comisión de festas. Persoalmente, este ambiente agradable do día a día, e case festivo, faime sentir moi ledoo. Nun mundo coma o universitario, onde os chanzos iniciais da carreira investigadora son tan competitivos, están tan precarizados e resultan certamente estresantes, fomos quen de construír un oasis fraternal de apoio mutuo e alegrías, sustentado na interacción mutua en actividades coma o SII. Por comparativa co que viviron outros colegas

noutras ramas ou universidades, cónstame que o que temos é algo infrecuente, moi precioso e que espero que arrastremos por sempre, contaxiando a quen veña! Por todo o anterior, éme imposible non emocionarme nin sentir unha honra inmensa á hora de poder redactar este prefacio. Grazas a todas as que, dende o inicio da andaina deste seminario, collestes as matemáticas do veciño para ilas transformando, paulatinamente, nas matemáticas da familia. Parabéns, de corazón!

Santiago de Compostela, outubro de 2022

Daniel Cao Labora





# Índice xeral

<b>Tomás Otero Casal</b> “A cana de pescar do topólogo”	<b>3</b>
<b>Diego Bolón Rodríguez</b> “Verosimilitude e tests de multimodalidade”	<b>9</b>
<b>Brais Ramos Pérez</b> “Álgebras de Hopf. Ecuación Cuántica de Yang-Baxter”	<b>15</b>
<b>Sabina Pelerino Rodés</b> “Regresión Logística Multinomial: aplicación en un caso social”	<b>21</b>
<b>José Luis Carmona Jiménez</b> “Teselaciones y espacios homogéneos”	<b>27</b>
<b>Mariña Canabal Juanatey</b> “Falando de todo un pouco”	<b>33</b>
<b>Miguel Picos Maiztegui</b> “Método de cuadratura de convolución”	<b>39</b>
<b>Saúl Estévez Cuntín</b> “¿Qué son los esquemas?”	<b>45</b>
<b>Filipe Soares</b> “Técnicas de optimización para o deseño de instrumentos musicais”	<b>51</b>
<b>Sara Rodríguez Pastoriza</b> “Ecuacións en modelos biolóxicos”	<b>57</b>
<b>Andrés Pérez Rodríguez</b> “Álxebras de Evolución e Grafos”	<b>63</b>
<b>Sergio Herrero Vila</b> “Particularidades de la geometría en curvatura negativa”	<b>69</b>
<b>Iria Rodríguez Acevedo</b> “Anillos neuronales”	<b>75</b>
<b>Mouhcine Yousfi</b> “Transformada de Fourier y Laplace y sus aplicaciones a EDPs”	<b>81</b>

<b>Ignacio Gómez Casares</b>	
“¿Puede ayudar la estadística a la optimización?”	<b>87</b>
<b>Unha xornada de divulgación.</b>	
“Matemáticas: habelas hainas, seguimos contándochas! 2021”	<b>91</b>
<b>Agradecementos</b>	<b>95</b>

# Introdución

Ao comezo da etapa de doutoramento, o estudiantado trata de somerxerse no mundo da investigación aprendendo a realizar distintas tarefas que poden culminar, tras moito esforzo, na elaboración dun traballo científico rigoroso. Porén, de nada serven as moitas horas empregadas no curso da nosa investigación, se non somos capaces de transmitir os avances dos nosos proxectos a distintas audiencias, tanto aquelas expertas na temática como outras con formacións máis diversas. Ser capaces de sintetizar o contido das nosas investigacións e expoñelo de forma clara, amena e breve a un público non familiarizado coa nosa especialidade é, sen dúbida, unha das máis importantes competencias a acadar dentro da etapa de doutoramento. Do mesmo modo, ter a posibilidade de escoitar os avances dos nosos compañeiros pode resultar enriquecedor para as nosas carreiras, aprendendo dos seus acertos e fallos e recompilando ideas para os nosos propios traballos. Moitas veces, e en especial co auxe das novas tecnoloxías, pedimos axuda ou consello a expertos que se atopan a miles de quilómetros de nós, cando é posible que a compañeira da mesa do lado teña a resposta, ferramenta ou idea que estabamos buscando.

Estes obxectivos (facilitar a práctica de fala en público, transmitir coñecementos a distintas audiencias e coñecer e participar activamente nos avances dos nosos compañeiros) son os que motivan a organización do Seminario de Iniciación á Investigación ano tras ano. Foi no 2005 cando se deu comezo a este proxecto levado a cabo por un grupo de alumnos de Terceiro Ciclo da Facultade de Matemáticas, que estaba encadrado dentro do Instituto de Matemáticas ata a súa desaparición neste 2021, e vai agora da man do recentemente creado Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga).

Neste curso impartíronse 15 seminarios abordando todas as áreas das matemáticas, con poñentes procedentes da Universidade de Santiago de Compostela, pero tamén relatores con distintas afiliacións: compañeiros cos que compartimos estreitos lazos e que lle deron ao SII un carácter transversal e ata internacional. Ao igual que no curso anterior, foi posible seguir todas as comunicacións presencialmente e tamén en liña dende calquera parte do mundo, destacando a asistencia internacional no SII en case todos os relatorios. Estas sesións quincenais complementáronse coa xornada de divulgación “Matemáticas: habelas hainas, seguimos contándochas! 2021”. Ambas actividades supuxeron a creación de puntos de reunión, convivencia, afloramento de ideas e debate dentro da Facultade de Matemáticas, que ademais desfrutaron dun carácter lúdico xa que, non o podemos esquecer, as matemáticas

tamén poden ir da man da diversión.

Neste volume presentamos os resumos das charlas que tiveron lugar durante o curso 2021-2022. O comité organizador do SII, formado por cinco estudantes de Terceiro Ciclo, encárgase, ademais da planificación, organización e difusión dos distintos seminarios, da redacción destas actas que reflexan o esforzo dos membros do comité e de todos os relatores.

Rematamos deixándolle paso a un novo comité organizador, desexando que siga avivando o espírito do SII, incentivando ás novas xeracións a compartir coñecemento e a disfrutar facéndoo.

## A cana de pescar do topólogo

Área de Xeometría e Topoloxía


Tomás Otero Casal

Universidade de Santiago de Compostela - CITMaga

22 de setembro de 2021

### O problema de derivar campos de vectores

En xeometría, o concepto de diferencial dunha función é das primeiras cousas que estudamos: Se consideramos unha aplicación diferenciable  $F: S_1 \rightarrow S_2$  entre dúas superficies regulares de  $\mathbb{R}^3$ , a súa *diferencial* nun punto  $p \in S_1$  é a aplicación que leva un vector tanxente a  $S_1$  en  $p$  (que podemos representar como a derivada de certa curva  $\alpha(t) \subseteq S_1$  en  $t = 0$ ) en  $(F \circ \alpha)'(0)$ , que é un vector tanxente a  $S_2$  en  $F(p)$ .



Diferencial dunha aplicación entre superficies.

Cando un quere derivar campos de vectores, a cousa complicase: Se calculamos a derivada usual dun campo de vectores  $V$  tanxente a unha superficie ao longo dunha curva  $\alpha$ , este non resulta un campo de vectores tanxente á superficie ao longo de  $\alpha$ . Para solucionar que a derivada escape do espazo tanxente á superficie en cada punto, definimos a *derivada covariante* de  $V$  en  $t$  como  $D_t V = (V \circ \alpha)'(t)^\top$ .

Esta definición baséase en que as superficies regulares “viven” en  $\mathbb{R}^3$ . Non obstante, cando queremos traballar con obxectos xeométricos máis xerais, isto presenta problemas. Poñamos que queremos facer xeometría na botella de Klein, que é un exemplo de *variedade diferenciable* (espazos topolóxicos localmente euclidianos cuxas parametrizacións, ao igual que nas superficies, satisfán certas condicións de compatibilidade). É coñecido que non podemos meter este espazo en  $\mathbb{R}^3$  sen que teña autointerseccións, polo que o seu espazo tanxente nun punto  $p$  deixa de ser un subespazo de  $\mathbb{R}^3$  para convertirse nun espazo vectorial 2-dimensional abstracto

asociado ao punto  $p$ , co que a definición anterior de derivada covariante non nos serve.

Temos dúas maneiras principais de solucionar este contratempo: A primeira delas consiste en preguntarse se podemos meter a nosa variedade nun  $\mathbb{R}^N$  con  $N$  suficientemente grande e definir a derivada covariante de xeito análogo ao caso de superficies regulares. O seguinte resultado dinos que é posible definir unha derivada deste xeito:

**Teorema 1** (do embebecemento de Whitney). *Toda variedade diferenciable  $n$ -dimensional admite un embebecemento en  $\mathbb{R}^{2n}$ .*

Hai que destacar que esta maneira de meter a variedade nun espazo euclidiano non é única (de feito, é equivalente a fixar unha maneira de medir vectores tanxentes), e as diferentes maneiras de facelo cambian o xeito no que derivamos campos de vectores, co que para saber derivar nos vemos obrigados a escoller unha destas, introducindo estrutura adicional. Isto dá pé ao concepto de conexión nunha variedade (unha introdución a este concepto pódese ver en [1]).

A segunda opción é buscar unha maneira *intrínseca* (é dicir, que non precise de máis información que a da propia variedade) de derivar campos: A isto é ao que dá resposta a derivada de Lie, que mide como cambia un campo de vectores  $X$  na dirección doutro campo de vectores  $Y$ , e que introduciremos a continuación para o caso particular de superficies regulares (aínda que os conceptos seguen a ser válidos para variedades diferenciables).

## Curvas integrais e fluxos

Se como dicíamos antes nos esquecemos de que o espazo tanxente a unha superficie nun punto  $p$  é un subespazo de  $\mathbb{R}^3$ , para construír unha derivada vai ser necesario comparar vectores tanxentes en distintos puntos (e polo tanto en distintos espazos vectoriais). Para isto usaremos o fluxo dun campo de vectores, que nos da unha idea de como movernos ao longo da superficie, partindo nun punto na dirección do campo.

**Definición 1.** *Sexa  $X$  un campo de vectores tanxentes a unha superficie  $S$ . Unha **curva integral** de  $X$  é unha curva  $\gamma: I \rightarrow S$  tal que  $\gamma'(t) = X_{\gamma(t)}$  para todo  $t \in I$ , onde  $I$  é un intervalo aberto de  $\mathbb{R}$ .*

Sen perda de xeneralidade, podemos supoñer que  $0 \in I$ . Neste caso, o punto  $\gamma(0) \in S$  dise o punto inicial da curva integral  $\gamma$ . Fixado un punto inicial  $p$ , atopar curvas integrais para un campo de vectores é equivalente a resolver un problema de valor inicial para a súa lectura en coordenadas, como pon de relevo o seguinte exemplo:

**Exemplo 1.** *Consideramos o campo de vectores  $V_{(x,y)} = (-y, x)$  en  $\mathbb{R}^2$ . Buscamos atopar unha curva inicial  $\gamma(t) = (x(t), y(t))$  de  $X$  tal que  $\gamma(0) = (a, b)$  para certo*


punto  $(a, b)$ . A condición  $\gamma'(t) = X_{\gamma(t)}$  é equivalente a resolver sistema de ecuacións diferenciais

$$\begin{aligned}x'(t) &= -y(t), \\y'(t) &= x(t),\end{aligned}$$

con condicións iniciais  $x(0) = a$ ,  $y(0) = b$ . Polo tanto, as curvas integrais de  $V$  son da forma  $\gamma(t) = (a \cos(t) - b \operatorname{sen}(t), a \operatorname{sen}(t) + b \cos(t))$ .

Supoñamos agora que, coma no exemplo anterior, para calquera punto  $p$  da nosa superficie  $S$  as curvas integrais están definidas en todo  $\mathbb{R}$ . Podemos entón definir unha aplicación  $\Theta_t: S \rightarrow S$  mediante  $\Theta_t(p) = \Theta(t, p)$ , onde  $\Theta(-, p)$  é a curva integral de  $X$  con punto inicial  $p$ .  $\Theta_t$  corresponde a “mover” a superficie ao longo das curvas integrais de  $X$  ata tempo  $t$ . A aplicación  $\Theta_t$  así definida satisfai  $\Theta_t \circ \Theta_s = \Theta_{t+s}$  e  $\Theta_0 = \operatorname{Id}_S$ . Motivados por isto, dicimos que un *fluxo global* en  $S$  é unha aplicación  $\Theta: \mathbb{R} \times S \rightarrow S$  cumprindo:

- (i)  $\Theta(t, \Theta(s, p)) = \Theta(t + s, p)$  para todo  $t, s \in \mathbb{R}$  e  $p \in S$ ,
- (ii)  $\Theta(0, p) = p$  para todo  $p \in S$ .



O campo de vectores no Exemplo 1 e o seu fluxo.

Dado un fluxo global  $\Theta$  nunha superficie  $S$ , defínese o seu *xerador infinitesimal* como o campo de vectores tanxentes  $V_p = \frac{d}{dt}\Theta_t(p)|_{t=0}$ , e tense que  $\Theta_t(p)$  é unha curva integral de  $V$  con punto inicial  $p$ . Deste xeito, a cada fluxo global podémoslle asociar un campo de vectores diferenciable. O recíproco non é certo, como ilustramos a continuación: Hai campos de vectores que non son xeradores infinitesimais dun fluxo global.


**Exemplo 2.** Consideramos o campo de vectores  $V_{(x,y)} = (x^2, 0)$  en  $\mathbb{R}^2$ . Atopar a curva integral de  $V$  con punto inicial  $p = (1, 0)$  é equivalente a resolver o problema de valor inicial

$$\begin{aligned}x'(t) &= x^2(t), \\y'(t) &= 0, \\x(0) &= 1, \\y(0) &= 0,\end{aligned}$$

cuxa solución é  $\gamma(t) = (\frac{1}{1-t}, 0)$ , que só está definida para  $t < 1$ .

Por isto é necesario que os fluxos non teñan por que estar definidos en todo  $\mathbb{R}$  para poder ter unha correspondencia entre fluxos e campos de vectores.

**Definición 2.** Un **dominio de fluxo** é un aberto  $\mathcal{D} \subseteq \mathbb{R} \times S$  tal que para cada punto  $p$  o conxunto  $\mathcal{D}^{(p)} = \{t \in \mathbb{R} \mid (t, p) \in \mathcal{D}\} \subseteq \mathbb{R}$  é un intervalo contendo 0.



Unha sección dun dominio de fluxo.

Un **fluxo** (local) en  $S$  é unha aplicación  $\Theta: \mathcal{D} \rightarrow S$  tal que para calquera  $p \in S$ ,

(i) Se  $s \in \mathcal{D}^{(p)}$ ,  $t \in \mathcal{D}^{(\Theta(s,p))}$ , e  $s + p \in \mathcal{D}^{(p)}$ , entón  $\Theta(t, \Theta(s, p)) = \Theta(t + s, p)$ .

(ii)  $\Theta(0, p) = p$  para todo  $p \in S$ .

Un fluxo dize **maximal** se non se pode estender a un dominio de fluxo máis grande. Unha curva integral é **maximal** se non se pode estender a un intervalo máis grande.

Ao igual que antes, o xerador infinitesimal dun fluxo resulta ser un campo de vectores tanxente sobre  $S$ , e cada  $\Theta_t(p)$  é unha curva integral de  $V$  con punto inicial  $p$ . Isto permite establecer unha bixección entre fluxos maximais e campos de vectores tanxentes sobre unha superficie:

**Teorema 2** (Teorema fundamental do fluxo). Sexa  $V$  un campo de vectores tanxentes diferenciable nunha superficie  $S$ . Entón, existe un único fluxo maximal  $\Theta: \mathcal{D} \rightarrow S$  con xerador infinitesimal  $V$ . Ademais  $\Theta$  cumpre:

(i) Para cada punto  $p$ , a curva integral maximal de  $V$  con punto inicial  $p$  é  $\Theta(t, p)$ , onde  $t \in \mathcal{D}^{(p)}$ .


(ii) Se  $s \in \mathcal{D}^{(p)}$ , entón  $\mathcal{D}^{(\Theta(p,s))} = \mathcal{D}^{(p)} - s = \{t - s | t \in \mathcal{D}^{(p)}\}$ .

(iii) Sexa  $M_t = \{p \in S | t \in \mathcal{D}^{(p)}\} = \{p \in S | (p, s) \in \mathcal{D}\}$ . Entón,  $\Theta_t: M_t \rightarrow M_{-t}$  é un difeomorfismo con inversa  $\Theta_{-t}$ .

$\Theta$  dise o **fluxo xerado por  $V$**  ou o **fluxo de  $V$** .

## A derivada de Lie

O fluxo danos unha ferramenta para comparar vectores tanxentes en distintos puntos dunha mesma curva integral dun campo de vectores: Séguese do apartado (iii) no Teorema 2 que se  $\Theta_t(p)$  é un punto da curva integral dun campo de vectores  $X$  con punto inicial  $p$ , entón  $d(\Theta_{-t})_{\Theta_t(p)}: T_{\Theta_t(p)}S \rightarrow T_pS$  é un isomorfismo linear. Como as curvas integrais de  $X$  están definidas nun intervalo contendo 0 o suficientemente pequeno, dado outro campo de vectores  $Y$  en  $S$ , podemos considerar unha nova curva en  $T_pS$  definida, por  $d(\Theta_{-t})_{\Theta_t(p)}(Y_{\Theta_t(p)})$  (isto é, levar a  $T_pS$  o vector  $Y_{\Theta_t(p)}$  a través do fluxo). A derivada desta curva en  $T_pS$  para  $t = 0$  é o que se coñece como a derivada de Lie de  $Y$  con respecto de  $X$  no punto  $p$ .



Derivada de Lie dun campo de vectores

**Definición 3.** Sexan  $X$  e  $Y$  dous campos de vectores diferenciables tanxentes a unha superficie  $S$ . Defínese a **derivada de Lie** de  $Y$  con respecto a  $X$  nun punto  $p$  como

$$(\mathcal{L}_X Y)_p = \lim_{t \rightarrow 0} \frac{d(\Theta_{-t})_{\Theta_t(p)}(Y_{\Theta_t(p)}) - Y_p}{t},$$

onde  $\Theta$  denota o fluxo de  $X$ .

**Exemplo 3.** Consideramos os campos  $X_{(x,y)} = (-y, x)$  e  $Y_{(x,y)} = (x^2, 0)$  en  $\mathbb{R}^2$ . Para calcular  $\mathcal{L}_X Y$ , o primeiro que debemos facer é obter o fluxo de  $X$ . Como xa calculamos no Exemplo 1,

$$\Theta_t(a, b) = (a \cos(t) - b \sin(t), a \sin(t) + b \cos(t)).$$

Agora,

$$Y_{\Theta_t(a,b)} = (a^2 \cos^2(t) - 2ab \cos(t) \operatorname{sen}(t) + b^2 \operatorname{sen}^2(t), 0),$$

polo que

$$\begin{aligned} d(\Theta_{-t})_{\Theta_t(a,b)} Y_{\Theta_t(a,b)} &= \begin{pmatrix} \cos(t) & \operatorname{sen}(t) \\ -\operatorname{sen}(t) & \cos(t) \end{pmatrix} Y_{\Theta_t(a,b)} \\ &= \begin{pmatrix} a^2 \cos^3(t) - 2ab \cos^2(t) \operatorname{sen}(t) + b^2 \cos(t) \operatorname{sen}^2(t) \\ -a^2 \cos^2(t) \operatorname{sen}(t) + 2ab \cos(t) \operatorname{sen}^2(t) - b^2 \operatorname{sen}^3(t) \end{pmatrix}. \end{aligned}$$

Derivando en  $t = 0$ , obtemos

$$(\mathcal{L}_X Y)_{(a,b)} = (-2ab, -a^2).$$

A derivada de Lie de dous campos de vectores diferenciables sobre unha superficie  $S$  resulta ser un novo campo de vectores diferenciable sobre  $S$ . Ademais, de xeito similar á derivada usual de  $\mathbb{R}^n$ , a derivada de Lie satisfai a seguinte regra da cadea:

$$\mathcal{L}_X(fY) = (Xf)Y + f\mathcal{L}_X Y, \quad \text{para toda función diferenciable } f: S \rightarrow \mathbb{R},$$

onde  $(Xf)_p = df_p X_p$ . Ademais, a derivada de Lie cumpre a condición de ser linear en ambas compoñentes.

Outra das propiedades importantes da derivada de Lie é que é antisimétrica, é dicir,  $\mathcal{L}_X Y = -\mathcal{L}_Y X$ . Isto débese a que o vector que mide o cambio do campo  $Y$  na dirección de  $X$  nun punto dado é o vector oposto ao que mide o cambio de  $X$  na dirección de  $Y$ .

Por último, cabe destacar que a derivada de Lie é invariante por difeomorfismos. É dicir, se  $F: S_1 \rightarrow S_2$  é un difeomorfismo entre dúas superficies,  $dF(\mathcal{L}_X Y) = \mathcal{L}_{dF(X)}(dF(Y))$ . Polo tanto, superficies difeomorfas teñen a mesma derivada de Lie, o que fai da derivada de Lie unha ferramenta natural para utilizar en xeometría.

## Bibliografía

- [1] Ferreiro Subrido, M. (2021). *Conectando espazos tanxentes*, Actas do Seminario de Iniciación á Investigación, Santiago de Compostela, Curso 2020-2021, pp. 3–7.
- [2] Hernández Cifre, M.A. e Pastor González, J.A. (2010). *Un curso de Geometría Diferencial*, CSIC Press, Madrid.
- [3] Lee, J.M. (2013). *Introduction to Smooth Manifolds*, 2nd ed., Graduate Texts in Mathematics, **218** Springer, New York.

## Verosimilitude e tests de multimodalidade

Área de Estatística e Investigación Operativa

Diego Bolón Rodríguez

Universidade de Santiago de Compostela

6 de outubro de 2021

### Introdución e motivación

Unha moda dunha variable aleatoria absolutamente continua  $X$  é un punto  $x_0$  onde a súa función de densidade, que denotaremos por  $f$ , ten un máximo local. O obxectivo principal desta charla é a obtención dun contraste estatístico para descubrir o verdadeiro número de modas dunha variable aleatoria  $X$ .

Para tratar de motivar a necesidade deste tipo de tests introduciremos os datos analizados por [1]. Esta base de datos contén distintas variables asociadas a 975 falecementos de aves por colisións contra aeroxeradores detectadas en 44 parques eólicos situados na parte nordeste dos Estados Unidos de América. Para cada paxaro falecido atopado rexístrase a distancia horizontal entre o cadáver e o aeroxerador máis próximo (medida en metros).

Entre outras cousas, en [1] buscan como optimizar os protocolos de busca de cadáveres nestes casos. Partindo da hipótese de que a distribución ten unha única moda moi próxima ao cero, o protocolo de busca óptimo sería un protocolo radial, fixando un radio arredor de cada aeroxerador e concentrando a busca dentro dese radio.




Figura 1: Histograma cos datos dos falecementos por colisións contra aeroxeradores (Choi et al., 2020).

PALABRAS CLAVE: modas; estimador tipo núcleo da densidade; xanela crítica; test; bootstrap.

Pero resulta que os datos obtidos non apoian esta hipótese. Na Figura 1 está representado o histograma das distancias obtidas, e como se pode observar, os datos parecen ter como mínimo dúas modas. Con todo, o histograma, como calquera método gráfico, depende fortemente do criterio de cada un. Isto é problemático, pois é posible que dúas persoas distintas cheguen a conclusións diferentes sobre o número de modas a partir dos mesmos datos. Habería que buscar, por tanto, un método sistemático e obxectivo para detectar o número de modas dunha distribución a partir dunha mostra aleatoria. Isto é, un contraste estatístico.

Por tanto, o noso obxectivo será a construción dun test de multimodalidade, é dicir, un contraste sobre o número de modas dunha poboación. Imos fixar notación para concretar o que queremos facer. Sexa  $X$  unha variable aleatoria absolutamente continua con  $j$  modas, onde  $j$  é un número natural descoñecido. Nós queremos construír un test estatístico que contraste as hipóteses

$$H_0 : j \leq k \text{ fronte a } H_1 : j > k; \quad (1)$$

onde  $k$  é un número natural coñecido e fixado de antemán.

## Test de razón de verosimilitudes

O novo test de multimodalidade vai estar baseado no test de razón de verosimilitudes da estatística paramétrica. O test de razón de verosimilitudes é unha familia de contrastes estatísticos que se empregan en inferencia paramétrica para contrastar a situación do parámetro descoñecido dentro espazo de parámetros.

Supoñamos que  $X_1, X_2, \dots, X_n$  é unha mostra aleatoria simple dunha variable aleatoria absolutamente continua con función de densidade  $f$  pertencente a familia paramétrica  $\{f_\theta : \theta \in \Theta\}$ , onde  $\Theta \subset \mathbb{R}^m$ . Dividamos o espazo de parámetros en dous subconxuntos disxuntos,  $\Theta_0$  e  $\Theta_1$ , tales que  $\Theta_0 \cap \Theta_1 = \emptyset$  e  $\Theta_0 \cup \Theta_1 = \Theta$ . O test de razón de verosimilitudes contrasta hipóteses da forma

$$H_0 : \theta \in \Theta_0 \text{ fronte a } H_1 : \theta \in \Theta_1.$$

Para a construción do estatístico de contraste emprégase a función de verosimilitude  $\mathcal{L}$ , que é a función real positiva definida como

$$\mathcal{L}(\theta) = \prod_{i=1}^n f_\theta(X_i).$$

A idea detrás da verosimilitude é que  $\mathcal{L}(\theta_0)$  representa a factibilidade de que o valor do parámetro descoñecido sexa  $\theta_0$  unha vez observada a mostra. Así, dada unha mostra, que  $\mathcal{L}(\theta_0)$  sexa maior que  $\mathcal{L}(\theta_1)$  significa que é máis verosímil que o parámetro descoñecido  $\theta$  sexa igual a  $\theta_0$  que a  $\theta_1$  á vista dos datos observados. Entón, no caso de que a hipótese nula sexa certa, a función de verosimilitude debería tomar valores grandes dentro do conxunto  $\Theta_0$ , que é o que se corresponde a  $H_0$ .

Tendo en conta o anterior, no test de razón de verosimilitudes emprégase o estatístico

$$D = 2 \left[ \sup_{\theta \in \Theta} \ell(\theta) - \sup_{\theta \in \Theta_0} \ell(\theta) \right] \geq 0,$$

onde  $\ell(\theta) = \log \mathcal{L}(\theta)$ , para realizar o contraste. Esta cantidade é maior canto máis pequeno sexa o valor da verosimilitude dentro do conxunto  $\Theta_0$ . Por tanto, o test rexeita a hipótese nula para valores grandes de  $D$ .

## Nova proposta de test

A nosa idea consiste en construír un test de multimodalidade adaptando a estrutura de test definida na sección anterior. Nada máis comezar xa nos xorde o primeiro problema: que modelo paramétrico escoller? En principio non hai ningún modelo paramétrico que recolla correctamente a información do número de modas dunha poboación. Pero sen modelo paramétrico non podemos nin sequera empezar a esbozar a nosa proposta de test.

Para saír deste atranco imos deixar que os propios datos falen. É dicir, imos supoñer que a mostra provén dun modelo non paramétrico apoiándonos na estimación tipo núcleo da función de densidade [3, Capítulo 2]. Dada unha mostra aleatoria simple  $X_1, X_2, \dots, X_n$  dunha variable aleatoria  $X$  absolutamente continua con función de densidade  $f$ , defínese o **estimador tipo núcleo** de  $f$  como

$$\hat{f}_h(x) = \frac{1}{nh} \sum_{i=1}^n K\left(\frac{x - X_i}{h}\right);$$

onde  $K$  é a función de densidade dunha normal estandar e  $h$  é un parámetro positivo, que recibe o nome de **xanela** ou **parámetro de suavización** (*bandwidth* en inglés).

Na literatura estatística pódense atopar varios criterios de escolla do valor da xanela para estimar a densidade poboacional de forma óptima [3, Capítulo 3], pero aquí non imos entrar nesas discusións. Nós imos ver  $h$  como un parámetro a partir do cal imos construír unha función de verosimilitude. Así, definimos a **pseudo-verosimilitude** da mostra como a función real positiva

$$\mathcal{L}(h) = \prod_{i=1}^n \hat{f}_h(X_i), \quad (2)$$

onde  $h \in (0, +\infty)$ . Poderíamos pensar na función  $\mathcal{L}$  como nunha verosimilitude paramétrica onde a familia paramétrica de densidades que estamos a supoñer é  $\{\hat{f}_h : h > 0\}$ , aínda que esta familia non é independente dos datos observados, senón que vén determinada directamente por eles.

Para poder formular o noso test de multimodalidade coa linguaxe dos tests de razón de verosimilitudes, precisamos traducir as hipóteses nula e alternativa definidas en (1) a unha partición do espazo de parámetros  $\Theta = (0, +\infty)$ . Para iso apoiáronos no resultado de [2], que proba que o número de modas do estimador

$\hat{f}_h$  é unha función decrecente en  $h$ . Esta monotonía permítelle a [2] definir o concepto de **xanela crítica**, *critical bandwidth* en inglés. Así, a xanela crítica para  $k$  modas,  $h_k$ , defínese como o menor parámetro de suavización  $h$  tal que  $\hat{f}_h$  ten  $k$  modas:

$$h_k = \min\{h : \hat{f}_h \text{ ten como máximo } k \text{ modas}\}.$$

Así,  $h_k$  marca a fronteira entre as estimacións tipo núcleo con máis e menos de  $k$  modas. Se  $h$  é menor que  $h_k$ ,  $\hat{f}_h$  ten máis de  $k$  modas, pero se  $h$  é maior que  $h_k$ , o número de modas de  $\hat{f}_h$  é menor ou igual que  $k$ . Esa é precisamente a división entre as hipóteses nula e alternativa de (1), polo que xa podemos traducir estas hipóteses a unha partición do conxunto  $(0, +\infty)$ :

$$\Theta_0 = [h_k, +\infty), \quad \Theta_1 = (0, h_k).$$

E por tanto xa podemos definir o noso estatístico de contraste de forma totalmente análoga ao do test de razón de verosimilitudes paramétrico:

$$D_k = 2 \left[ \sup_{h>0} \ell(h) - \sup_{h \geq h_k} \ell(h) \right],$$

onde  $\ell(h) = \log \mathcal{L}(h)$ . Pero hai un problema. Tal como está pensado, o estatístico de contraste  $D_k$  non está ben definido. Non resulta moi difícil demostrar que  $\lim_{h \rightarrow 0} \mathcal{L}(h) = +\infty$ , e por tanto  $\sup_{h>0} \ell(h)$  non é un número real.

Un xeito de resolver este problema é redefinir a función  $\mathcal{L}$  dada por (2) mediante validación cruzada. Para iso, imos apoiarnos nas funcións:

$$\hat{f}_h^{-i}(x) = \frac{1}{(n-1)h} \sum_{j=1, j \neq i}^n K\left(\frac{x - X_j}{h}\right).$$

Daquela, definimos a **pseudo-verosimilitude por validación cruzada** da mostra  $X_1, \dots, X_n$  como





$$\mathcal{L}_{CV}(h) = \prod_{i=1}^n \hat{f}_h^{-i}(X_i), \quad h > 0.$$

Con isto conseguimos que  $\mathcal{L}_{CV}$  sexa unha función limitada superiormente. Polo tanto, o estatístico

$$D_k = 2 \left[ \sup_{h>0} \ell_{CV}(h) - \sup_{h \geq h_k} \ell_{CV}(h) \right],$$

onde  $\ell_{CV}(h) = \log \mathcal{L}_{CV}(h)$ , si está ben definido. Este será o estatístico de contraste que empreguemos no noso test de multimodalidade. Igual que no test de razón de verosimilitudes usual, rexeitaremos a hipótese nula para valores grandes de  $D_k$ . O calibrado do test realizarase por bootstrap suavizado, lanzando remostras da función de densidade  $\hat{f}_{h_k}$ .

Táboa 1: Proporções de rexeitamentos para o novo test con nivel de significación ao 1%, 5% e 10% calculadas a partir de  $M = 1000$  mostras. Para o calibrado empregáronse 500 remostras bootstrap. Cada fila correspóndese cunha combinación de distribución e tamaño de mostra distinta.

Modelo	Densidade	Tamaño	Nivel de significación		
			1 %	5 %	10 %
M1		$n = 100$	0.001	0.011	0.039
		$n = 500$	0.002	0.019	0.034
M2		$n = 100$	0.018	0.080	0.141
		$n = 500$	0.050	0.147	0.238
M3		$n = 100$	0.008	0.035	0.079
		$n = 500$	0.011	0.052	0.100
M4		$n = 100$	0.018	0.075	0.139
		$n = 500$	0.040	0.106	0.152

## Estudo de simulación

Nesta sección comprobaremos o comportamento do novo test na práctica mediante un estudo de simulación. Con el queremos verificar se é correcto o calibrado do novo test á hora de contrastar as hipóteses definidas en (1) tomando  $k = 1$ . É dicir, imos contrastar se a variable aleatoria  $X$  ten unha única moda.

O procedemento realizado foi o seguinte. Primeiro simulamos  $M = 1000$  mostras de tamaño  $n$  de diversas distribucións unimodais. A cada unha destas mostras aplicámoslle o novo contraste, vendo se rexeita ou non a unimodalidade dos datos para varios niveis de significación  $\alpha$ . Finalmente, calculamos a proporción de mostras rexeitadas do total para cada nivel de significación.

As distribucións unimodais consideradas no estudo de simulación son as seguintes:

- **Modelo 1 (M1):** unha normal de media 0.5 e varianza 0.09.
- **Modelo 2 (M2):** unha Beta(3, 2).
- **Modelo 3 (M3):** unha chi cadrado de 5 graos de liberdade reescalada:  $0.1 \cdot \chi_5$ .
- **Modelo 4 (M4):** unha mistura dunha normal cunha beta:  $0.5 \cdot \text{Beta}(10, 3) + 0.5 \cdot \text{N}(0.5, 0.137)$ .

Como só consideramos distribucións unimodais (é dicir, baixo a hipótese nula) se o test está ben calibrado as proporcións de rexeitamentos non deberían de exceder o nivel de significación  $\alpha$ .

Realizamos o anterior para dous tamaños de mostra distintos,  $n = 100$  e  $n = 500$ . Os niveis de significación considerados son os tres máis usuais:  $\alpha = 0.01$ ,  $\alpha = 0.05$  e  $\alpha = 0.1$ .

Á vista dos resultados, recollidos na Táboa 1, a conclusión é clara: o test non ofrece un calibrado satisfactorio. O test presenta proporcións de rexeitamento maiores que o nivel de significación para os Modelos 2 e 4 en todos os escenarios considerados. Ademais, nestes dous casos aumentar o tamaño da mostra de  $n = 100$  a  $n = 500$  provoca que as proporcións de rexeitamento aumenten, afastándose aínda máis do nivel de significación  $\alpha$ . Respecto aos demais escenarios considerados, o novo test só logra proporcións de rexeitamento similares ao nivel de significación nun caso (Modelo 3 con tamaño  $n = 500$ ). No resto, as proporcións de rexeitamento obtidas son sempre menores que o nivel de significación.

## Conclusións

O mal calibrado detectado no estudo de simulación confirma que o test baseado en pseudo-verosimilitude non é capaz de detectar satisfactoriamente a hipótese nula a partir dunha mostra finita. Por tanto, este test non é un bo método para contrastar o verdadeiro número de modas dunha distribución.

Contando isto nunha charla do Seminario de Iniciación á Investigación pretendía ilustrar que en investigación non todo sae ben. Igual que aconteceu coa nova proposta de test, a maior parte das ideas xurdidas na etapa doutoral caen en saco roto. Coa miña charla quería resaltar que iso non é algo que estea ben ou mal, senón que é algo normal e intrínseco á carreira investigadora.

## Bibliografía

- [1] Choi, D.Y., Wittig, T.W., e Kluever, B.M. (2020). An evaluation of bird and bat mortality at wind turbines in the Northeastern United States. *PloS one*, 15, e0238034.
- [2] Silverman, B.W. (1981). Using kernel density estimates to investigate multimodality. *Journal of the Royal Statistical Society. Series B*, 43, 97-99.
- [3] Wand, M.P., e Jones, M.C. (1995). *Kernel Smoothing*. Chapman and Hall.

## Álgebras de Hopf. Ecuación Cuántica de Yang-Baxter

Área de Álgebra

Brais Ramos Pérez

Universidade de Santiago de Compostela

20 de octubre de 2021

### Introducción

Las Álgebras de Hopf nacen a mediados del siglo pasado como una herramienta más topológica que algebraica. Aparecen por vez primera en los estudios de Heinz Hopf sobre cohomología de grupos de Lie compactos. A partir de mediados de los años 60, estas estructuras empiezan a ser estudiadas desde un punto de vista puramente algebraico, gracias sobre todo a las aportaciones de Sweedler, destacando la publicación en 1969 de [4]. A pesar de todo, su importancia sufrió un gran crecimiento a partir de la década de los 80, cuando se convirtieron en el contexto adecuado para el estudio de las soluciones de la Ecuación Cuántica de Yang-Baxter (QYBE), gracias a las aportaciones de Drinfeld junto con Jimbo en [1].

### Álgebras de Hopf

En esta sección se tratará de abordar el concepto de álgebra de Hopf, partiendo de sus estructuras subyacentes más simples: álgebra, coálgebra y biálgebra. Además, se denotará por  $\mathbb{K}$  un cuerpo arbitrario.

**Definición 1.** Una  $\mathbb{K}$ -álgebra es una terna  $(V, \mu, \eta)$  donde  $V$  es un  $\mathbb{K}$ -espacio Vectorial junto con los morfismos  $\mathbb{K}$ -lineales multiplicación,  $\mu: V \otimes V \rightarrow V$ , y unidad,  $\eta: \mathbb{K} \rightarrow V$ , que hacen conmutativos los siguientes diagramas:

$$\begin{array}{ccc}
 V \otimes V \otimes V & \xrightarrow{\mu \otimes id_V} & V \otimes V \\
 \downarrow id_V \otimes \mu & & \downarrow \mu \\
 V \otimes V & \xrightarrow{\mu} & V
 \end{array}
 \qquad
 \begin{array}{ccccc}
 \mathbb{K} \otimes V & \xrightarrow{\eta \otimes id_V} & V \otimes V & \xleftarrow{id_V \otimes \eta} & V \otimes \mathbb{K} \\
 & \searrow \simeq & \downarrow \mu & \swarrow \simeq & \\
 & & V & & 
 \end{array}$$

Figura 1: Asociatividad y propiedad de la unidad.

---

PALABRAS CLAVE: álgebra; coálgebra; biálgebra; álgebra de Hopf; Ecuación Cuántica de Yang-Baxter; álgebra de Hopf trenzada.

Además, se dirá que una  $\mathbb{K}$ -álgebra es **conmutativa** si se verifica que  $\mu = \mu^{op}$ , donde  $\mu^{op} := \mu \circ \tau_{V,V}$  siendo  $\tau_{V,V}$  el isomorfismo de  $\mathbb{K}$ -espacios vectoriales:

$$\begin{aligned} \tau_{V,V}: V \otimes V &\longrightarrow V \otimes V \\ x \otimes y &\longmapsto y \otimes x. \end{aligned}$$

Será también de especial relevancia la noción de morfismo de álgebras.

**Definición 2.** Sean  $(V, \mu_V, \eta_V)$  y  $(W, \mu_W, \eta_W)$   $\mathbb{K}$ -álgebras. Una aplicación  $\mathbb{K}$ -lineal  $f: V \longrightarrow W$  se dice **morfismo de  $\mathbb{K}$ -álgebras** si verifica:

$$\begin{aligned} \mu_W \circ (f \otimes f) &= f \circ \mu_V, \\ f \circ \eta_V &= \eta_W. \end{aligned}$$

Se procederá entonces a definir el concepto de coálgebra, que se conoce como la *estructura dual* de un álgebra. Estas se obtienen invirtiendo las flechas de los morfismos que intervienen en la definición de álgebra.

**Definición 3.** Una  **$\mathbb{K}$ -coálgebra** es una terna  $(V, \Delta, \varepsilon)$  donde  $V$  es un  $\mathbb{K}$ -Espacio Vectorial junto con los morfismos  $\mathbb{K}$ -lineales comultiplicación,  $\Delta: V \longrightarrow V \otimes V$ , y counidad,  $\varepsilon: V \longrightarrow \mathbb{K}$ , los cuales deben hacer conmutativos los siguientes diagramas:

$$\begin{array}{ccc} V & \xrightarrow{\Delta} & V \otimes V \\ \downarrow \Delta & & \downarrow \Delta \otimes id_V \\ V \otimes V & \xrightarrow{id_V \otimes \Delta} & V \otimes V \otimes V \end{array} \qquad \begin{array}{ccccc} \mathbb{K} \otimes V & \xleftarrow{\varepsilon \otimes id_V} & V \otimes V & \xrightarrow{id_V \otimes \varepsilon} & V \otimes \mathbb{K} \\ & \searrow \simeq & \uparrow \Delta & \swarrow \simeq & \\ & & V & & \end{array}$$

Figura 2: Coasociatividad y propiedad de la counidad.

Además, se dirá que una  $\mathbb{K}$ -coálgebra es **coconmutativa** si  $\Delta = \Delta^{cop}$ , donde  $\Delta^{cop} := \tau_{V,V} \circ \Delta$ .

De la misma manera, también se define el concepto de morfismo de coálgebras.

**Definición 4.** Sean  $(V, \Delta_V, \varepsilon_V)$  y  $(W, \Delta_W, \varepsilon_W)$   $\mathbb{K}$ -coálgebras. Una aplicación  $\mathbb{K}$ -lineal  $f: V \longrightarrow W$  se dice **morfismo de  $\mathbb{K}$ -coálgebras** si cumple:

$$\begin{aligned} (f \otimes f) \circ \Delta_V &= \Delta_W \circ f, \\ \varepsilon_W \circ f &= \varepsilon_V. \end{aligned}$$

Naturalmente, cabe preguntarse qué estructura adquirirá el  $\mathbb{K}$ -espacio vectorial  $V^* := \text{Hom}(V, \mathbb{K})$  en función de la estructura de álgebra o de coálgebra que presente el  $\mathbb{K}$ -espacio vectorial  $V$ . Esta relación se establece en el siguiente resultado.

**Proposición 1** (Underwood, [3]).

1. Si  $(V, \Delta, \varepsilon)$  es una  $\mathbb{K}$ -coálgebra, entonces  $V^*$  admite estructura de  $\mathbb{K}$ -álgebra.
2. Si  $(V, \mu, \eta)$  es una  $\mathbb{K}$ -álgebra de dimensión finita, entonces  $V^*$  admite estructura de  $\mathbb{K}$ -coálgebra.

La siguiente etapa del camino que se recorre para definir *álgebra de Hopf* pasa por abordar el concepto de biálgebra, que se trata de un  $\mathbb{K}$ -espacio vectorial que presenta simultáneamente estructura de álgebra y coálgebra. Estas estructuras deben relacionarse de una manera determinada, la cual se establece en el siguiente lema.

**Lema 1** (Condición de compatibilidad, Kassel, [2]). Sean  $(V, \mu, \eta)$  una  $\mathbb{K}$ -álgebra y  $(V, \Delta, \varepsilon)$  una  $\mathbb{K}$ -coálgebra. Son equivalentes:

1.  $\mu$  y  $\eta$  son morfismos de  $\mathbb{K}$ -coálgebras.
2.  $\Delta$  y  $\varepsilon$  son morfismos de  $\mathbb{K}$ -álgebras.

**Definición 5.** Una  $\mathbb{K}$ -**biálgebra** es una *quíntupla*  $(V, \mu, \eta, \Delta, \varepsilon)$  donde  $(V, \mu, \eta)$  es una  $\mathbb{K}$ -álgebra,  $(V, \Delta, \varepsilon)$  es una  $\mathbb{K}$ -coálgebra y además se verifica la condición de compatibilidad dada por el Lema 1.

Antes de dar la definición de álgebra de Hopf es necesario introducir una operación sobre el conjunto  $\text{Hom}(W, V)$  donde  $W$  es una  $\mathbb{K}$ -coálgebra y  $V$  una  $\mathbb{K}$ -álgebra. Esta operación se conoce como la *convolución*.

**Definición 6.** Sean  $(V, \mu_V, \eta_V)$  una  $\mathbb{K}$ -álgebra,  $(W, \Delta_W, \varepsilon_W)$  una  $\mathbb{K}$ -coálgebra y  $f, g \in \text{Hom}(W, V)$ . La **convolución de  $f$  con  $g$** ,  $f * g$ , viene dada por la siguiente composición:

$$f * g := \mu_V \circ (f \otimes g) \circ \Delta_W \in \text{Hom}(W, V).$$

**Proposición 2** (Underwood, [3]). Si  $(V, \mu_V, \eta_V)$  es una  $\mathbb{K}$ -álgebra y  $(W, \Delta_W, \varepsilon_W)$  una  $\mathbb{K}$ -coálgebra, entonces  $(\text{Hom}(W, V), *)$  es un monoide con elemento neutro  $\eta_V \circ \varepsilon_W$ .

Como consecuencia de este resultado, si  $(V, \mu_V, \eta_V, \Delta_V, \varepsilon_V)$  es una  $\mathbb{K}$ -biálgebra, entonces  $(\text{End}(V), *)$  es un monoide con neutro  $\eta_V \circ \varepsilon_V$ . La convolución lleva a la definición de antípodo.

**Definición 7.** Sea  $(V, \mu, \eta, \Delta, \varepsilon)$  una  $\mathbb{K}$ -biálgebra. Se denomina **antípodo** a una aplicación  $\mathbb{K}$ -lineal  $S \in \text{End}(V)$  que verifica:

$$S * id_V = id_V * S = \eta \circ \varepsilon.$$

En otras palabras, el antípodo es un inverso tanto por la derecha como por la izquierda de  $id_V$  para la convolución.

**Observación 1.** Nótese que, en caso de existir un antípodo  $S \in \text{End}(V)$ , este es único.

Entonces, ya se poseen todos los ingredientes necesarios para definir el concepto de álgebra de Hopf.

**Definición 8.** Una  $\mathbb{K}$ -álgebra de Hopf es una 6-tupla  $(V, \mu, \eta, \Delta, \varepsilon, S)$  donde  $(V, \mu, \eta, \Delta, \varepsilon)$  es una  $\mathbb{K}$ -biálgebra y existe un único antípodo  $S \in \text{End}(V)$ .

Con el siguiente ejemplo se tratarán de aclarar los conceptos de álgebra, coálgebra, biálgebra y álgebra de Hopf que se han expuesto hasta el momento.

**Ejemplo 1.** Considérese  $V = \mathbb{K}[G]$  el  $\mathbb{K}$ -espacio vectorial con base  $G$ , donde  $(G, \cdot)$  tiene estructura de grupo multiplicativo con elemento neutro  $e$ . Con las operaciones:

$$\begin{aligned} \mu: \mathbb{K}[G] \otimes \mathbb{K}[G] &\longrightarrow \mathbb{K}[G] & \Delta: \mathbb{K}[G] &\longrightarrow \mathbb{K}[G] \otimes \mathbb{K}[G] \\ x \otimes y &\longmapsto x \cdot y \quad \forall x, y \in G & x &\longmapsto x \otimes x \quad \forall x \in G \\ \\ \eta: \mathbb{K} &\longrightarrow \mathbb{K}[G] & \varepsilon: \mathbb{K}[G] &\longrightarrow \mathbb{K} \\ 1_{\mathbb{K}} &\longmapsto e & x &\longmapsto 1_{\mathbb{K}} \quad \forall x \in G \end{aligned}$$

$\mathbb{K}[G]$  adopta estructura de  $\mathbb{K}$ -biálgebra. Se verifica además que existe un único antípodo  $S \in \text{End}(\mathbb{K}[G])$ . En efecto: tómese  $x \in G$  cualquiera,

$$\begin{aligned} (S * id_{\mathbb{K}[G]})(x) &= S(x) \cdot x, \\ (id_{\mathbb{K}[G]} * S)(x) &= x \cdot S(x), \\ (\eta \circ \varepsilon)(x) &= e. \end{aligned}$$

Entonces, sobre cualquier elemento de  $G$ , en caso de existir antípodo, este debe verificar que  $S(x) \cdot x = x \cdot S(x) = e, \forall x \in G$ . Por la unicidad del inverso de cada elemento en un grupo, se deduce que:

$$\begin{aligned} S: \mathbb{K}[G] &\longrightarrow \mathbb{K}[G] \\ x &\longmapsto x^{-1} \quad \forall x \in G, \end{aligned}$$

es el antípodo de  $\mathbb{K}[G]$ . Por lo tanto,  $\mathbb{K}[G]$  tiene estructura de  $\mathbb{K}$ -álgebra de Hopf.

## Ecuación Cuántica de Yang-Baxter

En esta sección se tratará de relacionar la teoría de álgebras de Hopf con las soluciones de la Ecuación Cuántica de Yang-Baxter. Esta relación vendrá dada a partir de un tipo particular de álgebras de Hopf, las llamadas álgebras de Hopf trenzadas.

Se comenzará introduciendo la definición de la Ecuación Cuántica de Yang-Baxter (**QYBE**). Dado un  $\mathbb{K}$ -espacio vectorial  $V$ , se dice que  $c \in \text{Aut}(V \otimes V)$  es solución de QYBE si se cumple la igualdad que sigue:

$$(c \otimes id_V) \circ (id_V \otimes c) \circ (c \otimes id_V) = (id_V \otimes c) \circ (c \otimes id_V) \circ (id_V \otimes c). \quad (1)$$

Las soluciones de QYBE se denominan ***R*-matrices** y la ecuación (1) se puede representar mediante el siguiente diagrama:




Figura 3: Ecuación Cuántica de Yang-Baxter (QYBE).

Como ya se mencionó previamente, el objetivo de esta sección será relacionar la teoría de álgebras de Hopf con las soluciones de (1). Para tal fin, será imprescindible definir el concepto de álgebra de Hopf trenzada. Se establece la siguiente notación: si  $V$  es una  $\mathbb{K}$ -álgebra de Hopf y  $R = \sum_i s_i \otimes t_i \in V \otimes V$ , se denotará por

$$R_{13} = \sum_i s_i \otimes 1_V \otimes t_i, \quad R_{12} = \sum_i s_i \otimes t_i \otimes 1_V, \quad R_{23} = \sum_i 1_V \otimes s_i \otimes t_i.$$

**Definición 9.** Sea  $(V, \mu, \eta, \Delta, \varepsilon, S)$  una  $\mathbb{K}$ -álgebra de Hopf. Se dirá que  $V$  es una ***álgebra de Hopf trenzada*** si existe  $R = \sum_i s_i \otimes t_i \in V \otimes V$  inversible verificando las siguientes condiciones:

Se presentará el método de cuadratura de convolución para aproximar integrales de convolución. Se aproximará la convolución entre dos funciones  $f$  y  $g$  mediante una convolución discreta con los valores de  $g$  sobre una malla. Los pesos de cuadratura se determinan mediante la transformada de Laplace de la función  $f$  (función llamada con frecuencia el núcleo de convolución), un integrador de tipo Runge-Kutta y la fórmula integral de Cauchy. Se seguirán los pasos presentados en [1] y [2] para métodos lineales multipaso y en [3] para Runge-Kutta. Finalmente se mostrarán resultados sobre problemas sencillos.

### Desarrollo del método

Queremos resolver la siguiente integral de convolución:

$$y(t) = f * g(t) = \int_0^t f(t - \tau)g(\tau)d\tau.$$

Para ello, tomaremos una malla uniforme en tiempo de parámetro  $h$  de modo que  $t_i = ih$  y buscaremos una fórmula de aproximación de tipo convolución discreta:

$$y(t_{n+1}) \approx y_{n+1} = b^T A^{-1} \sum_{k=0}^n W_{n-k}^h(\hat{f})g_k.$$

Generalmente conoceremos la transformada de Laplace  $\hat{f}(s)$  de la función  $f$  y no la propia función, de modo que tomaremos como datos del problema las funciones  $g(t)$  y  $\hat{f}(s)$ , llegando al siguiente problema:

$$y(t) = f * g(t) = \int_0^t f(t - \tau)g(\tau)d\tau,$$

$$f(t) = \frac{1}{2\pi i} \int_{c-i\infty}^{c+i\infty} e^{st} \hat{f}(s)ds,$$

donde, introduciendo la expresión de  $f(t)$  en función de su Transformada de Laplace, se obtiene

$$y(t) = \frac{1}{2\pi i} \int_{c-i\infty}^{c+i\infty} \hat{f}(s) \left( e^{st} \int_0^t e^{-s\tau} g(\tau) d\tau \right) ds.$$

Podemos reescribir la expresión como:

$$y(t) = \frac{1}{2\pi i} \int_{c-i\infty}^{c+i\infty} \hat{f}(s) x_s(t) ds,$$

donde  $x_s(t) = e^{st} \int_0^t e^{-s\tau} g(\tau) d\tau$  es solución del problema de Cauchy:

$$\begin{aligned} x'(t) &= sx(t) + g(t), \\ x(0) &= 0. \end{aligned}$$

El siguiente paso será utilizar un integrador numérico para aproximar la solución  $x_s(t)$ . Históricamente, se comenzó utilizando métodos lineales multipaso. En este trabajo utilizaremos métodos de tipo Runge-Kutta. Esto se debe a que, en ciertos problemas, son necesarios métodos A-estables y no existen métodos lineales multipaso A-estables de ordenes mayores que 2. Como contrapartida deberemos realizar cálculos con matrices en lugar de con escalares como pasa en el caso de métodos lineales multipaso.

Dado un integrador de tipo Runge-Kutta, representado por su tabla de Butcher:

$$\begin{array}{c|c} c & A \\ \hline & b^T \end{array}$$

Para resolver la EDO  $x'(t) = f(t, x)$ , definimos  $t_{n,i} := t_n + c_i h$  de modo que expresamos cada paso del método como:

$$\begin{aligned} x_{n,i} &= x_n + h \sum_{j=1}^m a_{ij} f(t_{n,j}, x_{n,j}), \quad i = 1, \dots, m, \\ x_{n+1} &= x_n + h \sum_{i=1}^m b_i f(t_{n,i}, x_{n,i}). \end{aligned}$$

Para el uso del integrador Runge-Kutta en nuestro método, necesitamos que se cumplan las siguientes condiciones:

- La matriz  $A$  es no singular.
- El método Runge-Kutta es A-estable.
- El método cumple que  $b^T A^{-1} \vec{1} = 1$ .

Una condición suficiente para  $b^T A^{-1} \vec{1} = 1$  es que el método sea rígidamente preciso.

Introducimos la aproximación de  $x(t)$  por un método Runge-Kutta que cumple las condiciones anteriores, obteniendo

$$y_n = \frac{1}{2\pi i} \int_{c-i\infty}^{c+i\infty} \hat{f}(s) x_n ds \text{ para todo } n \in \mathbb{N}.$$

Realizaremos una transformada  $Z$

$$\sum_{n=0}^{\infty} y_{n+1} z^n = \frac{1}{2\pi i} \int_{c-i\infty}^{c+i\infty} \hat{f}(s) \left( \sum_{n=0}^{\infty} x_{n+1} z^n \right) ds.$$

Buscaremos expresar  $\sum_{n=0}^{\infty} x_{n+1} z^n$  en función de los datos. Si particularizamos, para la EDO que queremos resolver, la expresión del método Runge-Kutta y operando para simplificar las expresiones obtenidas se llega a:

$$\sum_{n=0}^{\infty} x_{n+1} z^n = b^T A^{-1} \left( \frac{\Delta(z)}{h} - sI \right)^{-1} \sum_{n=0}^{\infty} g_n z^n,$$

$$\Delta(z) = A^{-1} - zA^{-1} \vec{1} b^T A^{-1}.$$

Utilizando el resultado anterior, obtenemos:

$$\sum_{n=0}^{\infty} y_{n+1} z^n = \sum_{n=0}^{\infty} \left( \frac{1}{2\pi i} \int_{c-i\infty}^{c+i\infty} \hat{f}(s) b^T A^{-1} \left( \frac{\Delta(z)}{h} - sI \right)^{-1} g_n ds \right) z^n.$$

Buscaremos transformar esta expresión en:

$$\sum_{n=0}^{\infty} y_{n+1} z^n = \sum_{n=0}^{\infty} \sum_{k=0}^m \sum_{j=0}^m \beta_k \alpha_j \left( \frac{1}{2\pi i} \int_{c-i\infty}^{c+i\infty} \hat{f}(s) \left[ (D - sI)^{-1} \right]_{kj} ds \right) z^n,$$

de modo que los términos del interior de las integrales sean escalares, por lo que podremos utilizar el Teorema de Cauchy.

Por simplicidad vamos a suponer que  $\Delta(z)/h = L_z D_z L_z^{-1}$  es una matriz diagonalizable, y tomamos la descomposición en la base canónica:

$$L_z^{-1} g_n = \sum_{j=1}^m \alpha_j e_j, \quad (b^T A^{-1} L_z)^T = \sum_{k=1}^m \beta_k e_k.$$

Podemos reescribir la expresión  $b^T A^{-1} \left( \frac{\Delta(z)}{h} - sI \right)^{-1} g_n$ , llegando a:

$$\sum_{k=0}^m \sum_{j=0}^m \beta_k \alpha_j \left[ (D_{z,h} - sI)^{-1} \right]_{kj}.$$

Como  $D_{z,h} - sI$  tiene estructura diagonal podemos calcular explícitamente su inversa

$$[(D_{z,h} - sI)^{-1}]_{kj} = \begin{cases} \frac{1}{\lambda_k - s} & \text{si } j = k, \\ 0 & \text{en otro caso,} \end{cases}$$

donde  $\lambda_j$  es el elemento de la posición  $jj$  de la matriz  $D_{z,h}$ .

Introduciendo esta expresión en la integral de convolución:

$$\sum_{n=0}^{\infty} y_{n+1} z^n = \sum_{n=0}^{\infty} \sum_{k=0}^m \sum_{j=0}^m \beta_k \alpha_j \left( \frac{1}{2\pi i} \int_{c-i\infty}^{c+i\infty} \hat{f}(s) [(D - sI)^{-1}]_{kj} ds \right) z^n.$$

Dada la sucesión de curvas  $\phi_n$  formadas por  $-\phi_{n,1}$  y  $\phi_{n,2}$ , siendo:

$$\phi_{n,1}(t) = c + it, \quad \phi_{n,2}(t) = c + ne^{it}.$$

Tenemos que, por el teorema de Cauchy:

$$\hat{f}(\lambda) = \frac{1}{2\pi i} \int_{\phi_n} \frac{\hat{f}(s)}{s - \lambda} ds.$$

Tomando límites podemos calcular las integrales que estábamos buscando.

$$\frac{1}{2\pi i} \int_{c-i\infty}^{c+i\infty} \frac{\hat{f}(s)}{\lambda - s} ds = \frac{1}{2\pi i} \lim_{n \rightarrow \infty} - \int_{\phi_{n,2}} \frac{\hat{f}(s)}{s - \lambda} ds + \int_{\phi_{n,1}} \frac{\hat{f}(s)}{s - \lambda} ds = \hat{f}(\lambda),$$

ya que el límite de las integrales sobre las curvas  $\phi_{n,2}$  es 0, pues la función  $\hat{f}(s)$  está acotada cuando la parte real de  $s$  tiende a infinito por ser una transformada de Laplace.

Para simplificar la notación, definimos a partir de  $\hat{f}(s)$  una función matricial  $\hat{f}: A \in \mathbb{M}_{m \times m}(\mathbb{C}) \rightarrow \mathbb{M}_{m \times m}(\mathbb{C})$  tal que:

$$\hat{f}(A) := L_A \hat{D}_A L_A^{-1}.$$

$$[\hat{D}_A]_{kj} := \begin{cases} \hat{f}([D_A]_{kj}) & \text{si } j = k, \\ 0 & \text{en otro caso.} \end{cases}$$

Con lo que reescribimos las series de potencias en función de  $\hat{f}$ .

$$\sum_{n=0}^{\infty} y_{n+1} z^n = \sum_{n=0}^{\infty} b^T A^{-1} \hat{f} \left( \frac{\Delta(z)}{h} \right) g_n z^n.$$

Calcularemos la serie de potencias de  $\hat{f} \left( \frac{\Delta(z)}{h} \right)$  utilizando el teorema de Cauchy y una aproximación por el método de los trapecios:

$$\hat{f} \left( \frac{\Delta(z)}{h} \right) = \sum_{n=0}^{\infty} W_n^h(\hat{f}) z^n,$$

$$\left[ W_n^h(\hat{f}) \right]_{kj} = \frac{1}{2\pi i} \int_{|z|=R} \frac{\left[ \hat{f} \left( \frac{\Delta(z)}{h} \right) \right]_{kj}}{z^{n+1}} dz,$$

$$W_n^h(\hat{f}) \approx \frac{R^{-n}}{L} \sum_{l=0}^{L-1} \hat{f} \left( \frac{\Delta(Re^{it})}{h} \right) C^{nl} \text{ siendo } C = e^{\frac{i2\pi}{L}}.$$

Esta aproximación tiene orden exponencial y por lo tanto no debería afectar al orden global del método.

Finalmente, utilizando la formula de Cauchy para sumas infinitas llegamos a:

$$\sum_{n=0}^{\infty} y_{n+1} z^n = \sum_{n=0}^{\infty} \left( b^T A^{-1} \sum_{k=0}^n W_{n-k}^h(\hat{f}) g_k \right) z^n.$$

De modo que igualando términos de la serie de potencias obtenemos la expresión general del método:

$$y_{n+1} = b^T A^{-1} \sum_{k=0}^n W_{n-k}^h(\hat{f}) g_k,$$

$$W_n^h(\hat{f}) \approx \frac{R^{-n}}{L} \sum_{l=0}^{L-1} \hat{f} \left( \frac{\Delta(Re^{it})}{h} \right) C^{nl} \text{ siendo } C = e^{\frac{i2\pi}{L}}.$$

## Resultados numéricos

Para las pruebas numéricas utilizaremos los métodos Runge-Kutta A-estables y rígidamente precisos siguientes:

- Radau IIA de 2 etapas (orden 3).
- Lobato IIIC de 2 etapas (orden 2).
- Radau IIA de 3 etapas (orden 5).
- Lobato IIIC de 3 etapas (orden 4).

Resolveremos el siguiente test académico, que tiene relevancia en el contexto de las ecuaciones de ondas transitorias. Sea  $g(t)$  la función constante igual a 1. Resolveremos el problema cuya solución exacta es una función escalón:

$$\delta(t-1) * g(t) = \int_0^t \delta(t-\tau-1) g(\tau) d\tau = \begin{cases} 0 & \text{si } t < 1, \\ 1 & \text{si } t \geq 1. \end{cases}$$

En la Figura 1 podemos ver los resultados. Se puede apreciar cómo los métodos con mayor orden de convergencia proporcionan resultados más precisos, así como perturbaciones más pequeñas en las proximidades del salto.




Figura 1: Resultado utilizando métodos rígidamente precisos.

## Conclusiones y Continuación

- El método de cuadratura de convolución basado en integradores de tipo Runge-Kutta presenta ventajas con respecto a los basados en métodos lineales multipaso en casos que necesitemos A-estabilidad.
- Se han obtenido resultados numéricos aceptables, obteniendo un orden de convergencia cercano al orden del esquema Runge-Kutta utilizado.
- Sería necesario realizar un análisis numérico completo del método para poder confirmar las hipótesis que podemos realizar con los resultados numéricos.
- Parece que con una buena elección de los parámetros de discretización  $R$  y  $L$  no intervienen en el orden. Sería necesaria un estudio más profundo para poder confirmarlo.

## Bibliografía

- [1] Lubich, C. (1988) *Convolution Quadrature and Discretized Operational Calculus I.*, Numer. Math. 52,129-145 (1988)
- [2] Lubich, C. (1988) *Convolution Quadrature and Discretized Operational Calculus II.*, Numer. Math. 52, 413-425 (1988)
- [3] Banjai, L., Messner, M., Schanz, M. (2012) *Runge-Kutta convolution quadrature for the Boundary Element Method*, Comput. Methods Appl. Mech. Engrg. **245** 90-101

## ¿Qué son los esquemas?

Área de Álgebra

Saúl Estévez Cuntín

Universidade de Santiago de Compostela

2 de febrero de 2022

### Introducción

La Geometría Algebraica tiene su origen en el estudio de los objetos geométricos que anulan polinomios en varias variables, esto es, de los conjuntos algebraicos. En este trabajo  $k$  será un cuerpo algebraicamente cerrado y  $\mathbb{A}^n$  el  $n$ -espacio afín sobre  $k$ .

**Definición 1.** Un *conjunto algebraico afín* es un conjunto de puntos del espacio afín  $\mathbb{A}^n$  que se anulan para todos los polinomios de un ideal  $\mathfrak{a} \triangleleft k[x_1 \dots, x_n]$ .

El conjunto algebraico afín asociado al ideal  $\mathfrak{a} \triangleleft k[x_1 \dots, x_n]$  es:

$$v(\mathfrak{a}) = \{P \in \mathbb{A}^n \mid f(P) = 0 \forall f \in \mathfrak{a}\}$$

Tomando como cerrados estos conjuntos se tiene una topología, llamada la topología de Zariski en  $\mathbb{A}^n$ .

**Definición 2.** El *ideal asociado* a un conjunto algebraico afín  $Y$  es el conjunto de polinomios que se anulan en él,

$$i(Y) = \{f \in k[x_1 \dots, x_n] \mid f(P) = 0, \forall P \in Y\}.$$

**Definición 3.** El *radical* de un ideal  $\mathfrak{a}$  se define como  $\text{rad}(\mathfrak{a}) = \{f \mid f^r \in \mathfrak{a}, r \in \mathbb{N}\}$ . Cuando  $\mathfrak{a} = \text{rad}(\mathfrak{a})$ , se dice que el ideal  $\mathfrak{a}$  es un *ideal radical*.

Por ejemplo, en  $k[x]$ ,  $\text{rad}(\langle x^2 \rangle) = \langle x \rangle$ .

**Teorema 1** (Teorema de los ceros de Hilbert). Para todo ideal  $\mathfrak{a} \triangleleft k[x_1 \dots, x_n]$ , se verifica que  $i(v(\mathfrak{a})) = \text{rad}(\mathfrak{a})$ . Esto es, el ideal asociado a un conjunto algebraico afín es un ideal radical.

**Corolario 1.** Existe una correspondencia biunívoca, dada por  $v$  e  $i$  entre:

<u>En <math>k[x_1 \dots, x_n]</math></u>	<u>En <math>\mathbb{A}^n</math></u>
Ideales radicales	Conjuntos algebraicos afines
Ideales primos	Conjuntos algebraicos afines irreducibles
Ideales maximales	Puntos

PALABRAS CLAVE: esquemas afines; esquemas; haces; anillos; espacio localmente anillado.

De esta manera, tenemos un diccionario álgebra-geométrico, que nos permite relacionar ciertos ideales del anillo de polinomios con subconjuntos algebraicos de  $\mathbb{A}^n$  y traducir propiedades geométricas en algebraicas y viceversa.

**Definición 4.** Se define el **anillo de coordenadas** de un conjunto algebraico afín  $Y$  como

$$A[Y] := \frac{k[x_1, \dots, x_n]}{i(Y)} \cong \text{Hom}(Y, \mathbb{A}_k^1).$$

Estos anillos de coordenadas son  $k$ -álgebras de tipo finito reducidas (sin nilpotentes) y se tiene una correspondencia entre los **conjuntos algebraicos afines** sobre  $k$  y las  **$k$ -álgebras finitamente generadas reducidas**. A cada conjunto algebraico afín  $Y$  se le asocia su anillo de coordenadas  $A[Y]$ . Recíprocamente, cada  $k$ -álgebra de tipo finito reducida  $B$  se puede expresar como cociente del anillo de polinomios como sigue:

$$B = \frac{k[x_1, \dots, x_n]}{\mathfrak{a}},$$

para un cierto  $\mathfrak{a}$  radical, pudiéndosele asignar el conjunto algebraico  $v(\mathfrak{a})$ .

## Esquemas

En la Geometría Algebraica clásica, los conjuntos algebraicos afines sobre  $k$  no están definidos de manera intrínseca, sino que son subconjuntos de  $\mathbb{A}^n$  y están relacionados con ciertos anillos finitamente generados reducidos. Dado que el comportamiento de otros anillos como  $\mathbb{Z}$  o  $\mathbb{Z}[i]$  es similar al de estos anillos de coordenadas, sería interesante estudiar su geometría (de hecho, esto ha supuesto la base de una gran unificación entre teoría de números y geometría).

Por otra parte, si consideramos la intersección de la parábola  $y = x^2$  y la recta  $y = 0$  como conjuntos algebraicos, el anillo de coordenadas asociado a la intersección en Geometría Algebraica clásica sería

$$\frac{k[x]}{\langle x \rangle} = k.$$

Geoméricamente lo identificaríamos como un punto, pero de alguna forma estamos perdiendo información puesto que se trata de un punto doble. Al no considerar el anillo

$$\frac{k[x, y]}{\langle y - x^2, y \rangle} \simeq \frac{k[x]}{\langle x^2 \rangle}$$

no lo podemos distinguir de un punto ordinario.

Debido a estas ideas, entre otras, se plantea la conveniencia de trabajar con anillos conmutativos unitarios, en vez de con  $k$ -álgebras de tipo finito reducidas, y tratar de asociar a estos anillos cierta geometría. Esto motivó, a mediados del siglo XX, la introducción de la **teoría de esquemas** por Alexander Grothendieck.

**Definición 5.** *Un esquema es un espacio localmente anillado, localmente isomorfo a un esquema afín.*

Un **espacio localmente anillado** es un par  $(X, \mathcal{O}_X)$ , donde  $X$  es un espacio topológico,  $\mathcal{O}_X$  es un haz de anillos sobre  $X$ , que satisface que:

$$\mathcal{O}_{X,P} = \lim_{\rightarrow} \mathcal{O}_X(U) \text{ límite directo sobre entornos abiertos } U \text{ de } P,$$

llamado **tallo del haz estructural en el punto**  $P$ , es un anillo local (i.e. sólo tiene un único ideal maximal).

Intuitivamente, un haz  $\mathcal{O}_X$  es un objeto matemático que nos da las buenas funciones en los abiertos del espacio geométrico. Pensemos en el haz de funciones continuas de un espacio topológico o bien en el haz de funciones diferenciables de una variedad diferenciable (que también es un espacio anillado). Para cada abierto  $U \subset X$  el conjunto de estas funciones,  $\Gamma(D(f), \mathcal{O}_U) = \{g: U \rightarrow k\}$ , con la suma y multiplicación habituales, es un anillo conmutativo y unitario. El tallo del haz estructural se corresponde con la idea de gérmenes de funciones: el conjunto de las funciones definidas en el entorno de un punto  $P$  es un anillo local, donde el único maximal viene dado por las funciones anulándose en dicho punto, de manera que si  $f(P) \neq 0$ , entonces existe una inversa para  $f$  en un entorno de  $P$ .

Para entender qué es un esquema afín, primero introduciremos el espectro de un anillo.

**Definición 6.** *Dado un anillo conmutativo y unitario,  $A$ , consideremos:*

1. *El conjunto  $\text{Spec } A$  de los ideales primos de  $A$ :*

$$\text{Spec } A = \{\mathfrak{p} \triangleleft A \mid \mathfrak{p} \text{ ideal primo}\}.$$

2. *Tomando como cerrados los conjuntos de la forma  $v(\mathfrak{a}) = \{\mathfrak{p} \in \text{Spec } A \mid \mathfrak{a} \subset \mathfrak{p}\}$ . se define una topología sobre  $\text{Spec } A$ : la topología de Zariski. Para este espacio topológico se tiene la siguiente base de abiertos:*

$$D(f) = \text{Spec } A \setminus v(f) = \{\mathfrak{p} \in \text{Spec } A \mid f \notin \mathfrak{p}\}$$

3. *Definimos en  $\text{Spec } A$  el **haz estructural** o de funciones regulares,  $\mathcal{O}_{\text{Spec } A}$ , que en los abiertos básicos  $D(f)$  es la localización del anillo en las potencias de  $f$ :*

$$\Gamma(D(f), \mathcal{O}_{\text{Spec } A}) = A_f = A[f^{-1}] = \left\{ \frac{g}{f^n} \mid f, g \in A, n \in \mathbb{N} \right\},$$

*es decir, el anillo de funciones racionales cuyo denominador son potencias de  $f$ , siendo las secciones globales el propio anillo:  $\Gamma(\text{Spec } A, \mathcal{O}_{\text{Spec } A}) = A$ .*

**Definición 7.** *Un esquema afín es un espacio anillado isomorfo al espectro de un anillo  $(\text{Spec } A, \mathcal{O}_{\text{Spec } A})$ .*

Como los esquemas afines están completamente caracterizados por sus anillos de secciones globales y localmente los esquemas son esquemas afines, localmente la Geometría Algebraica es Álgebra Conmutativa. Son dos facetas de la misma teoría.

### Conjuntos algebraicos afines

Veamos algunos ejemplos de esquemas afines. Empecemos retomando los conjuntos algebraicos afines que vimos en la introducción. Estos se asocian a los esquemas dados por el espectro del anillo de coordenadas de dicho conjunto algebraico, que recordemos era una  $k$ -álgebra finitamente generada y reducida

$$\text{Spec } A[Y] := \frac{k[x_1, \dots, x_n]}{i(Y)}$$

Recordemos que en la Geometría Algebraica Clásica había una correspondencia entre puntos geométricos e ideales maximales. Sin embargo, como los puntos del espectro se corresponden con todos los ideales primos del anillo, no sólo los ideales maximales, en el esquema afín vamos a tener “puntos” que no considerábamos como tal en el conjunto algebraico.

**Ejemplo 1.**  *$\text{Spec } k = \{\langle 0 \rangle\}$  es un único punto, ya que un cuerpo tiene un único ideal primo.*

**Ejemplo 2.** *La recta afín, como esquema, es el espectro del anillo de polinomios en una variable:*

$$\mathbb{A}_k^1 = \text{Spec } k[x] = \{\langle x - a \rangle \mid a \in k\} \cup \{\langle 0 \rangle\}.$$

Los ideales maximales  $\langle x - a \rangle$  son puntos cerrados, pues su clausura topológica es  $V(\langle x - a \rangle) = \langle x - a \rangle$ . Se corresponden con los puntos clásicos  $x = a$  de la recta afín, como cabía esperar. Pero tenemos además el punto  $\langle 0 \rangle$ , punto que no es cerrado, pero que es denso en  $\mathbb{A}_k^1$  pues claramente  $V(\langle 0 \rangle) = \mathbb{A}_k^1$ . El haz estructural de este esquema viene dado por cocientes de polinomios


$$\Gamma(D(f), \mathcal{O}_{\mathbb{A}_k^1}) = k[x][f^{-1}] = \left\{ \frac{g(x)}{f(x)^n} \mid f, g \in k[x] \right\}.$$

**Ejemplo 3.** *El plano afín es el espectro del anillo de polinomios en dos variables:*

$$\mathbb{A}_k^2 = \text{Spec } k[x, y] = \{\langle x - a, y - b \rangle, \langle f \rangle \mid f \text{ irreducible}\} \cup \{\langle 0 \rangle\}.$$

Los ideales maximales  $\langle x - a, y - b \rangle$  son los puntos cerrados, que se corresponden con los puntos  $(a, b)$  ordinarios del plano. Los ideales primos principales  $\langle f \rangle$  son puntos no cerrados, que se corresponden geoméricamente con las curvas irreducibles del plano. El ideal primo  $\langle 0 \rangle$  nuevamente verifica que es denso en  $\mathbb{A}_k^2$ . El haz estructural en los abiertos básicos viene dado por funciones racionales:

$$\Gamma(D(f), \mathcal{O}_{\mathbb{A}_k^2}) = k[x, y][f^{-1}] = \left\{ \frac{g(x, y)}{f(x, y)^n} \right\}.$$

Figura 1: Espectro de  $\mathbb{A}_k^2$ 

### Esquemas aritméticos

Los espectros de anillos finitamente generados sobre  $\mathbb{Z}$  se llaman esquemas aritméticos y surgen sobre todo en el contexto de la teoría de números. El más simple es el espectro de los números enteros, que viene dado por los ideales principales generados por un número primo y el ideal  $(0)$ :

$$\text{Spec } \mathbb{Z} = \{(0), (2), (3), (5), \dots\}$$

Los ideales generados por números primos son puntos cerrados, sin embargo el ideal  $(0)$  es denso pues  $v((0)) = \text{Spec } \mathbb{Z}$ . Un ejemplo de conjunto cerrado de este espacio es  $v((6)) = \{(2), (3)\}$ , cuyos elementos vienen dados por los ideales generados por los divisores primos de 6. El abierto básico complementario será entonces  $D((6)) = \text{Spec } \mathbb{Z} \setminus \{(2), (3)\}$  y el haz estructural de  $\text{Spec } \mathbb{Z}$  en dicho abierto vendría dado por:

$$\mathcal{O}_{\text{Spec } \mathbb{Z}}(D((6))) = \left\{ \frac{m}{6^k}, m, k \in \mathbb{Z} \right\}.$$

En general, en este espacio los cerrados son de la forma  $v((n))$  para algún  $n \in \mathbb{Z}$  y están formados por los ideales generados por los divisores primos de  $n$ , que son puntos cerrados en  $\text{Spec } \mathbb{Z}$ .

Figura 2: Espectro de  $\mathbb{Z}$

### Esquemas no afines

Los esquemas arbitrarios, localmente se asemejan a esquemas afines (como los abiertos de las variedades diferenciables a abiertos de  $\mathbb{R}^n$ ). Por tanto, un esquema admite un recubrimiento abierto  $X = \bigcup U_i$ , tal que los  $(U_i, \mathcal{O}_{X|U_i})$  son esquemas afines.

El espacio proyectivo  $\mathbb{P}_k^n$  es un ejemplo importante de esquema que no es afín, pero que se obtiene pegando esquemas afines. Sin entrar en detalles, el recubrimiento por abiertos afines viene dado por

$$U_i = \text{Spec } k \left[ \frac{x_0}{x_i}, \dots, \frac{\hat{x}_i}{x_i}, \dots, \frac{x_n}{x_i} \right] \simeq \mathbb{A}_k^n,$$

donde  $\hat{x}_i$  significa que se omite dicha variable. En geometría elemental, es sabido que algunos problemas sólo se resuelven satisfactoriamente cuando consideramos el espacio proyectivo en vez del espacio afín.

### Bibliografía

- [1] Hartshorne, R. (1977): *Algebraic Geometry*, Graduate Texts in Math. **52**, Springer-Verlag.
- [2] Milne, J. (2015): *Algebraic Geometry* (v6.02), Disponible en [www.jmilne.org/math/](http://www.jmilne.org/math/).
- [3] Perrin, D. (1995): *Géométrie Algébrique, Une Introduction*. InterÉditions/CNRS Éditions, .
- [4] Görtz, U y Wedhorn, T. (2010): *Algebraic Geometry I: Schemes*, Springer Studium Mathematik-Master.
- [5] Eisenbud y D. Harris, J. (1999): *The Geometry of Schemes*, Graduate Texts in Math. **197**, Springer-Verlag.

## Técnicas de optimización para o deseño de instrumentos musicais

Área de Matemática Aplicada

Filipe Soares

Instituto Superior Técnico - Lisboa

16 de febreiro de 2022

### Introdución

Durante moitos anos, e aínda ata hoxe, o deseño e a construción de instrumentos musicais realízase na súa maioría por artesáns de forma empírica, a través de ensaio e erro. Hoxe en día, co aumento significativo da potencia computacional, os métodos de optimización eficientes e as técnicas de modelado físico máis precisas, hai un argumento convincente para reavaliar o deseño de moitos instrumentos utilizando un enfoque rigoroso, e evitando os procedementos a miúdo custosos e lentos. A optimización do deseño de instrumentos musicais pode depender dunha variedade de criterios (a miúdo complexos) como a afinación, a facilidade para tocar o instrumento (*playability*), a eficiencia da radiación acústica, etc. Un aspecto bastante sinxelo, aplicable a moitos instrumentos, é a optimización da forma das súas compoñentes de resonancia, de tal forma que as vibracións ocorren en frecuencias modais predefinidas. Neste traballo trataremos este aspecto en relación co caso dos instrumentos de percusión de mazo (xilófono, marimba, etc.) como exemplo ilustrativo de como certas ferramentas matemáticas poden axudar ao deseño de instrumentos musicais modernos. Os instrumentos de percusión tonal, como a marimba ou o vibráfono, están compostos por unha serie de barras afinadas que irradian son cando son golpeadas por un mazo. Un aspecto importante da entoación e da calidade tímbrica do instrumento está conectado coa relación entre as distintas frecuencias modais das barras. Nunha barra de sección transversal uniforme estas frecuencias non están relacionadas harmónicamente (múltiplos enteiros), unha característica común á maioría dos instrumentos tonais. Polo tanto, a afinación das barras adoita realizarse mediante un recorte na súa sección transversal, de modo que as súas frecuencias modais se aliñan harmónicamente, como se ilustra na Figura 1.

Algúns estudos foron publicados nos últimos anos sobre o deseño óptimo de barras utilizando varios enfoques de modelado e métodos de optimización [3, 4]. A pesar destes avances, a optimización da sintonía das barras abordouse considerando só os modos de flexión (vibracións unicamente verticais). Non obstante, algúns artigos [1] sinalaron a importancia dos modos de torsión (vibracións con compoñente vertical e lateral), que poden ter un efecto adverso significativo sobre o son




Figura 1: Tres modos de flexión máis baixos e relacións de frecuencia correspondentes nunha barra con sección transversal uniforme (esquerda) e unha barra cun corte tradicional (dereita).




Figura 2: (a) Descrición esquemática do corte discontinuo con ; (b) Exemplo de mallado tetraédrico con representación diferente.

da barra. Ademais, o contexto musical require unha tolerancia moi baixa para os erros de afinación e os modelos 1-D frecuentemente non reproducen as frecuencias das barras reais dentro de tolerancias aceptables. En consecuencia, suxírese regularmente a necesidade de modelos de orde superior, con predicións de frecuencia máis precisas [4]. Aquí propoñemos o uso de modelos de elementos finitos 3D para: (1) permitir a posibilidade de sintonizar os modos de flexión e torsión a un conxunto de frecuencias predefinidas e (2) abordar o problema da precisión do modelo/afinación.

## Descrición do modelo

Un dos aspectos fundamentais para mellorar a converxencia do algoritmo de optimización é ter a menor cantidade de variables de deseño, co fin de xerar o espazo de parámetros máis reducido permitido. En traballos recentes [5], utilizouse unha forma de corte discontinua co obxectivo de aliviar a complexidade de fabricación. Esta definición de perfil proporciona, nun espazo de parámetros reducido, unha gran diversidade de xeometrías posibles. Considérese unha barra uniforme cunha lonxitude, ancho e alto determinados. A súa sección transversal é entón sometida a un corte simétrico que consiste nunha serie de cortes rectangulares, como se ilustra na Figura 2(a). O corte defínese entón polos  $2N$  graos de liberdade (onde están o número de cortes), é dicir, as súas lonxitudes  $\lambda_n$  e as alturas  $h_n$  asociadas. Esta

elección de xeometría leva a un conxunto de límites superior e inferior para cada variable:

$$\begin{cases} 0 \leq \lambda_1 \leq \lambda_2 \leq \dots \leq \lambda_{N-1} \leq \lambda_N \leq L/2 \\ h_{\min} \leq h_n \leq h_0 \end{cases} \quad \text{para } n = 1, 2, 3, \dots, N, \quad (1)$$

onde  $h_{\min}$  define a priori un espesor mínimo factible, motivado pola necesidade de integridade estrutural. Entón, o perfil da sección transversal descontinua vén dado por

$$H(x) = \begin{cases} h_n & \text{se } \lambda_{n+1} \leq \lambda_n \\ h_0 & \text{noutro caso,} \end{cases} \quad \text{para } n = 1, 2, 3, \dots, N, \quad (2)$$

con  $\lambda_{N+1} = 0$ .

O cálculo das frecuencias modais para barras socavadas realizouse aquí mediante o modelado de elementos finitos en 3D. Para simplificar, considerouse un material isotrópico. A malla estaba composta por elementos tetraédricos non estruturados, eventualmente refinados en diferentes etapas do proceso de optimización. A Figura 2(b) mostra dúas mallas típicas con renderización baixa e alta. As ecuacións reitoras da elasticidade tridimensional, derivadas da lei de Hooke (ecuacións de Navier), finalmente conducen a un problema de autovalores xeneralizados:

$$([M] - \omega_n^2[K])\Psi_n = 0 \quad (3)$$

onde  $\omega_n$  e  $\Psi_n$  son as frecuencias naturais e as formas modais da barra, respectivamente.

## A función obxectivo

Para a sintonización de múltiples frecuencias modais a un conxunto de obxectivos predefinido, os problemas de optimización deben incluír as desviacións entre as frecuencias modeladas e as de destino. A aproximación máis sinxela e máis utilizada é definir unha única función de erro que describa todas as desviacións de frecuencia que se deben minimizar. Para as barras, unha función positiva definida e (numericamente) diferenciable deste tipo, que inclúe os modos de flexión e torsión, vén dada por:

$$\epsilon(\boldsymbol{\lambda}, \mathbf{h}) = \frac{100}{M + R} \left[ \sum_{m=1}^M \left( \frac{\bar{f}_{1,m}(\boldsymbol{\lambda}, \mathbf{h}) - f_{1,m}^*}{f_{1,m}^*} \right)^2 + \sum_{r=1}^R \left( \frac{\bar{f}_{2,r}(\boldsymbol{\lambda}, \mathbf{h}) - f_{2,r}^*}{f_{2,r}^*} \right)^2 \right], \quad (4)$$

onde  $f_{1,m}^*$  e  $\bar{f}_{1,m}(\boldsymbol{\lambda}, \mathbf{h})$  son as frecuencias obxectivo e modelada dos modos de flexión, respectivamente; e  $f_{2,r}^*$  e  $\bar{f}_{2,r}(\boldsymbol{\lambda}, \mathbf{h})$  os análogos para os modos de torsión;  $M$  e  $R$  son o número de obxectivos en cada caso.

## Métodos de optimización

O uso de modelos 3-D de elementos finitos (FE) esixe unha atención adicional nos métodos de optimización a utilizar xa que, ao contrario dos modelos FE 1-D máis simples, o problema de autovalores resultante asociado a unha barra de malla 3D é xeralmente custoso computacionalmente (1-10 segundos para cada avaliación de función). Ademais, dado que se sabe que a función obxectivo ten unha gran cantidade de mínimos locais subóptimos, o uso de esquemas típicos de optimización baseados en gradientes non é adecuado e os esquemas de optimización global son, en xeral, máis apropiados. Existe unha gran variedade de métodos de optimización global dispoñibles: algoritmos evolutivos, *simulated annealing*, colonia de formigas, etc. Non obstante, os métodos máis utilizados con frecuencia dependen dun gran número de avaliacións da función obxectivo. En consecuencia, dedícase atención aos esquemas de optimización globais que se consideran máis apropiados para funcións custosas, é dicir, aquelas que utilizan funcións de base radial, comunmente chamadas esquemas de optimización substitutos.

### Algoritmos de optimización de substitución

A esencia dos algoritmos de optimización de substitución baséase na creación dunha función (subrogada) que se aproxime á función obxectivo baseada nun esquema de interpolación utilizando só unhas poucas avaliacións de funcións. A función de substitución serve entón como guía para xerar solucións candidatas axeitadas. Unha vez avaliadas as novas solucións candidatas, calcúlase unha nova interpolación, actualizando a función substituta e xerando novas solucións candidatas de forma recursiva. Polo tanto, un algoritmo de optimización substituto alterna entre dúas etapas: (1) construción dun modelo substituto e (2) a busca dun mínimo usando a función substituta como guía. Aquí só se presenta un breve resumo dos procedementos implicados nun algoritmo de optimización substituto. Para unha descrición detallada, consúltese por exemplo [2]. Na fase inicial, o algoritmo avalía a función obxectivo  $f(x)$  en  $m$  puntos aleatorios  $\{x_1, \dots, x_m\}$  dentro do espazo de parámetros delimitado  $\mathbb{R}^N$ , dando como resultado os datos  $\{f_1, \dots, f_m\}$ . Despois, pódese formular unha función substituta  $s(x)$  que interpola os distintos pares de datos  $(x_m, f_m)$  definida mediante:

$$s(x) = \sum_{i=1}^m \beta_i \phi(\|x - x_i\|) \quad x \in \mathbb{R}^N, \quad (5)$$

onde  $\|\cdot\|$  denota a norma euclidiana en  $\mathbb{R}^N$ ;  $\beta_i \in \mathbb{R}$  para  $i = 1, \dots, m$ , e  $\phi(r)$  é a función de base radial que se debe escoller (p. ex.  $\phi(r) = r^3$ ). En definitiva, este procedemento de interpolación redúcese a resolver un sistema linear de  $m$  ecuacións para os coeficientes  $\beta_i$ .

Unha vez que se calcula unha función substituta  $s(x)$ , o algoritmo busca novas solucións candidatas. As novas solucións candidatas escóllense en función de dous

criterios: (1) minimizar a función substituta e (2) situarse a unha distancia razoable dos puntos xa avaliados. Isto permite un equilibrio entre minimizar a función obxectivo e proporcionar unha busca robusta no espazo de parámetros. En resumo, o algoritmo xera miles de puntos de mostra (xa que a avaliación do substituto é computacionalmente barata) e escóllese unha nova solución candidata que minimize unha determinada función de *mérito*, dada por exemplo por

$$M(x) = \alpha S(x) + (1 - \alpha)D(x), \quad (6)$$

onde  $\alpha \in (0, 1)$  é un factor de ponderación;  $S(x)$  e  $D(x)$  son a función substituta normalizada e a distancia normalizada aos puntos avaliados previamente, dadas por:

$$S(x) = \frac{s(x) - s_{\min}}{s_{\max} - s_{\min}} \quad D(x) = \frac{d_{\max} - d(x)}{d_{\max} - d_{\min}}, \quad (7)$$

onde  $s_{\min}$  e  $s_{\max}$  son os valores substitutos mínimo e máximo entre os puntos mostrados, mentres que  $d_{\min}$  e  $d_{\max}$  son a distancia mínima e máxima entre o punto mostrado e un punto avaliado. Posteriormente, calcúlase o valor da función obxectivo para a nova solución candidata e o procedemento continúa repetidamente.

## Resultados

Usando o método de optimización descrito anteriormente, calculáronse varias xeometrías optimizadas para os cortes da barra, para varios conxuntos de frecuencias obxectivo. Algunhas destas formas optimizadas foron construídas e probadas experimentalmente, como se mostra na Figura 3. As barras foron feitas de aluminio e o corte fabricouse mediante unha fresadora CNC cunha tolerancia de erro estimada de  $\pm 0.05\text{mm}$ . Escolleuse a frecuencia base de forma que corresponda aproximadamente ao rexistro inferior dun vibráfono típico (175 Hz). En xeral, os resultados foron moi satisfactorios, con frecuencias medidas que non se desvían das frecuencias obxectivo en non máis de 15 cents (unidade musical que se usa habitualmente para medir a afinación). Estes resultados demostran a viabilidade do uso de métodos modernos para optimizar e fabricar barras dun xeito relativamente sinxelo e rápido. Ademais, hai que ter en conta que as barras presentadas aquí teñen seis modos de sintonía, mentres que as típicas só teñen dous ou tres.

En conclusión, presentamos un exemplo ilustrativo de como se poden utilizar ferramentas computacionais modernas no deseño de instrumentos musicais, a través da optimización da forma das súas compoñentes resonantes. No contexto dos instrumentos de percusión con mazo, demostrouse que as barras optimizadas poden sintonizar con precisión ata seis frecuencias, en lugar das dúas ou tres comúns. Ademais, as calidades tímbricas da barra non se limitan á relación de afinación tradicional (1 : 4 : 10), xa que se pode escoller calquera conxunto de frecuencias obxectivo. Isto permite aos fabricantes certa flexibilidade á hora de moldear o timbre do instrumento variando as súas relacións de afinación. Ademais, os resoadores acústicos tamén se optimizaron para ter modos acústicos sintonizados a un conxunto




Figura 3: Barras de aluminio optimizadas. Para cada caso, móstranse as relacións de frecuencia obxectivo correspondentes, onde os dous últimos valores corresponden aos modos de torsión.

específico de frecuencias obxectivo. Isto podería aportar unha nova calidade a estes instrumentos, xa que agora podemos combinar múltiples frecuencias da barra cos distintos modos acústicos dos resoadores e xerar e aumentar a radiación acústica a múltiples frecuencias, en lugar de só a fundamental, como ocorre nos instrumentos tradicionais.

## Bibliografía

- [1] Bork I. (1995), *Practical tuning of xylophone bars and resonators*, Applied Acoustics, **46**, pp. 103–127.
- [2] Gutmann H., (2001). *A Radial Basis Function Method for Global Optimization*, Journal of Global Optimization, **19**, pp. 201-227.
- [3] Henrique L. e Antunes J. (2003). *Optimal design and physical modelling of mallet percussion instruments*, Acta Acustica, **89**, pp. 948–963.
- [4] Petrolito J. e Legge K. A. (1997). *Optimal undercuts for the tuning of percussive beams*, Journal of the Acoustical Society of America, **102**(4), pp. 2432–2436.
- [5] Soares F., Antunes J. e Debut V. (2021). *Tuning of bending and torsional modes of bars used in mallet percussion instruments*, Journal of the Acoustical Society of America, **150**(4), pp. 2757-2769.

## Ecuacións en modelos biolóxicos

Área de Análise Matemática

Sara Rodríguez Pastoriza

Universidade de Santiago de Compostela

9 de marzo de 2022

### Introdución

As matemáticas, se ben non curan enfermidades de forma directa, son unha ferramenta indispensable á hora de predecir e explicar cómo se propaga unha determinada enfermidade ou de qué forma se desenvolve un tipo de cancro.

A epidemioloxía é unha rama da medicina que estuda a incidencia de enfermidades infecciosas e o seu desenvolvemento sobre unha determinada poboación. Neste ámbito é importante coñecer as diferenzas entre unha epidemia e unha endemia.

Unha epidemia prodúcese cando unha enfermidade infecciosa se propaga rapidamente sobre unha poboación determinada, afectando simultaneamente a un gran número de persoas durante un período de tempo concreto. Algúns exemplos son o ébola ou a malaria. Por outra parte, o termo endemia fai referencia a presenza habitual dun axente infeccioso nunha determinada zona xeográfica ou poboación, é dicir, unha enfermidade que prevalece de maneira habitual nunha zona determinada. Este é o caso por exemplo de enfermidades como o sarampelo ou a sida. Cando unha epidemia se estende a distintos países recibe o nome de pandemia.

Desde a antigüidade, o ser humano viuse afectado por enfermidades de tipo infeccioso, que se expandían rapidamente e ameazaban con acabar coa vida de poboacións enteiras. É probable entón que o home formulara xa teorías acerca da natureza das enfermidades infecciosas desde moito tempo atrás, pero o primeiro escrito coñecido dun estudo matemático dunha enfermidade infecciosa, a varíola, foi publicado en 1760 por Daniel Bernoulli.

Non foi ata principios do século XX cando apareceron novos modelos matemáticos con máis trazos en común cos actuais, como o deseñado para predicir a enfermidade do sarampelo por W. H. Hamer en 1906 ou o creado por R. Ross sobre a malaria en 1902.

O que hoxe coñecemos como epidemioloxía moderna tivo orixe no ano 1927, co traballo realizado por W. O. Kermack e A. G. McKendrick, dous matemáticos que deseñaron o recoñecido modelo SIR. Este é considerado o modelo base e é de tipo compartimental, é dicir, clasifica aos individuos dunha determinada poboación en distintos grupos, dependendo da situación na que se atope cada individuo en

---

PALABRAS CLAVE: modelos epidemiolóxicos; ecuacións diferenciais; modelo SIR; modelo SEIR; enfermidade infecciosa;

relación á enfermidade. Tamén estableceron o que hoxe se coñece como o teorema umbral da epidemioloxía, que determina a priori se unha enfermidade é realmente unha ameaza para a poboación.

Desde este descubrimento propuxéronse e analizáronse numerosos modelos deseñados a partir de ecuacións diferenciais, cuxo obxectivo era describir a propagación de enfermidades provocadas por novos axentes infecciosos. Isto convertiu á modelización nunha ferramenta fundamental neste ámbito. Entre eles destacan os modelos SIS, SEIR, SIRS, SEIS, MSIR ou o SI, cuxos procesos de adaptación a cada un dos axentes infecciosos desencadearon a aparición de novos compartimentos e parámetros.

## Modelo SIR

### Introdución

Nesta sección introduciremos o primeiro modelo para estudar a evolución dunha epidemia deseñado por W. O. Kermack e A. G. McKendrick. Recibiu o nome de modelo SIR e deu inicio á epidemioloxía matemática moderna a finais do primeiro cuarto do século XX. O modelo divide á poboación en tres grupos:

- Susceptibles: individuos sans que poden ser contaxiados polos que portan a enfermidade, que é o segundo grupo que considera o modelo. Abreviadamente, identificarémolo por  $S$  de susceptibles.
- Infectados: individuos enfermos que poden transmitir a enfermidade. Identificarémolo por  $I$  de infectados.
- Recuperados: individuos que se recuperaron da enfermidade ou que faleceron a causa dela, é dicir, tanto os individuos que pasaron a enfermidade e xa non volverán a formar parte do grupo dos susceptibles como os que faleceron por culpa dela. Identificarémolo por  $R$  de recuperados.

Unha das hipóteses máis relevantes é que supón que o número  $N$  de individuos da poboación é constante, no sentido de que non se teñen en conta nin os nacementos nin as mortes que non foron causadas pola enfermidade no período de tempo durante o cal se desenvolve a infección; e a poboación é pechada, é dicir, tampouco se consideran as migracións (entrada e saída de individuos). Esta hipótese adáptase adecuadamente a situacións nas que a escala de tempo da enfermidade é moito máis rápida que a escala de tempo de nacementos e mortes alleas a ela, polo que podemos ignorar os efectos demográficos desta última sobre a poboación.

Está claro entón que

$$S + I + R = N \tag{1}$$

é dicir, a suma dos individuos de cada compartimento é o total.

O modelo representa a evolución da enfermidade a partir de dous fluxos de individuos: de susceptibles a infectados e de infectados a recuperados. Por un lado,

os individuos susceptibles pasarán a ser infectados en algún momento debido á capacidade destes últimos de transmitir a enfermidade. Por outro, os infectados que se recuperen ou que morran a causa dela pasarán a formar parte do grupo dos recuperados.

O modelo asume que un recuperado nunca volve a ser susceptible, é dicir, que tras pasar a enfermidade os individuos adquiren inmunidade.

A velocidade coa que se produza o paso de individuos dun compartimento a outro dependerá de dous parámetros que se adoitan denotar por  $\beta$  e  $\gamma$ .

O parámetro  $\beta$  representa a taxa de infección, é dicir, a probabilidade de que no contacto entre un susceptible e un infectado, o susceptible se contaxie da enfermidade. Tamén é coñecida como a probabilidade de contaxio e xoga un papel importante no paso de individuos do grupo dos susceptibles ao dos infectados, xa que determina a velocidade á que isto sucede. Depende maioritariamente da enfermidade e das medidas sanitarias de prevención establecidas. Na maioría dos casos non é sinxelo obter o seu valor.

O parámetro  $\gamma$ , coñecido como a taxa de recuperación, representa o número de individuos en promedio que se recuperan ou que morren a causa da enfermidade dentro do grupo de individuos infectados. Será un factor importante á hora de calcular a velocidade de paso de individuos do grupo de infectados ao de recuperados. A partir deste parámetro podemos definir o chamado período infeccioso como  $1/\gamma$ , que é o tempo no que o individuo infectado pode contaxiar a individuos susceptibles.

Todo o anterior podémolo esquematizar como aparece na Figura 1, que representa os tres compartimentos que considera este modelo, as direccións nas que os individuos pasan de formar parte dun grupo a formar parte doutro e os parámetros  $\beta$  e  $\gamma$ .




Figura 1: Diagrama representativo do modelo SIR epidémico.

## Formulación matemática

Seguiremos nesta sección o Capítulo 3.3 de [4] e o apartado *A Simple Epidemic Model* de [2]. Sexan  $S(t)$ ,  $I(t)$  y  $R(t)$  as tres funcións que representarán o número de individuos de cada grupo nun determinado instante  $t$ . A dinámica do SIR vén dada por tres ecuacións diferenciais que dan lugar ao seguinte sistema:

$$S'(t) = -\beta S(t)I(t), \quad (2)$$

$$I'(t) = (\beta S(t) - \gamma)I(t), \quad (3)$$

$$R'(t) = \gamma I(t). \quad (4)$$

É sinxelo comprobar que a suma das ecuacións (2), (3) e (4) da cero, o cal ten sentido xa que  $S(t) + I(t) + R(t) = N$  e o modelo supón que  $N$  é constante. Xustificaremos

a continuación as ecuacións do modelo.

A derivada de  $S$ ,  $S'$ , representa a variación que se produce no grupo dos susceptibles e este cambio virá determinado polos que pasan a formar parte do grupo dos infectados.

